



ACTA Nº 2021/1

SESIÓN Ordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN

- Telemática. Aplicación ZOOM., venres 29 de xaneiro de 2021 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, e a Sra. Interventora co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

| |
|---|
| ALCALDESA: MARGARITA LAMELA LOUZÁN |
| RUBEN VILLAR AGULLEIRO |
| EMILIA MARÍA TRILLO LOJO |
| JUAN MANUEL BUITURON CARBALLO |
| ANTONIO DOMINGUEZ GARCÍA |
| ÁGUEDA MARÍA DÍAZ MEJUTO |
| MARÍA VICTORIA AREAS POSE |
| RAMÓN VIGO SAMBADE |
| PILAR IGLESIAS LEMA |
| MARÍA DEL CARMEN DÍAZ FREIRE |
| SERXIO DOMINGUEZ LOURO |
| CESAR FERNANDO PÉREZ MARTÍNEZ |
| JUAN RAMÓN HERMIDA FANDIÑO |
| INTERVENTORA: ROSA Mª FERNÁNDEZ CANOSA |
| SECRETARIA: ROCÍO HERMIDA CANCELA |

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**:

A) PARTE RESOLUTIVA

1. **Aprobación ope legis das actas das sesións anteriores (no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986), que se detallan:**

I. **Borrador da sesión celebrada o 18 de decembro de 2020.**

Sométese á votación o borrador e resulta aprobado por unanimidade dos asistentes.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA E FACENDA

2. **Proposta da Alcaldía relativa á modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do IBI. Expediente Nº 2021/G016/000001.**

Considerando o seguinte:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Economía e Facenda o día xoves 21 de xaneiro de 2021 emitiuse o seguinte **DITAME**:

2. Proposta da Alcaldía relativa á modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do IBI. Expediente Nº 2021/G016/000001.

Considerando a seguinte:

"PROPOSTA ALCALDÍA

Expediente núm.: 2021/G016/000001

Procedemento: Aprobación do expediente de modificación da ordenanza fiscal reguladora do IBI.

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, considerando o escrito remitido a este Concello en data 15.12.2020 pola Consellería de Sanidade, conforme o cal esixe, entre outros compromisos, para aceptar a cesión do Centro de Saúde de Cee, o que se detalla:

"(...)O Concello comprométese a regular nas ordenanzas fiscais a exención a favor dos centros sanitarios titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia ou do Servizo Galego de Saúde, do pagamento do imposto sobre bens inmobles, de conformidade co previsto no artigo 62.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, así como de calquera tipo de taxas e prezos públicos que non se correspondan con servizos que se prestan de xeito continuado(...)

Visto o expediente tramitado e os informes que nel figuran, así como a Proposta de Modificación da Ordenanza fiscal referida, **PROPOÑO** ao **PLENO** da **CORPORACIÓN** a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles, nos termos en que figura no expediente coa redacción que a continuación se recolle:

Engadir o artigo 4 adicado a Exencións.

Artigo 4. Exencións.

Establécese unha exención a favor do centro de saúde do Concello de Cee (Rúa dá Independencia número 1, ref catastral 4556902 MH8546 N0000 KP) sempre que sexa de titularidade pública e en canto estea directamente afectado o cumprimento dos fins sanitarios.

SEGUNDO. Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no *Boletín Oficial da Provincia*, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [*dirección* <https://www.cee.gal>].

TERCEIRO. Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CUARTO. Facultar a Sra. Alcaldesa para subscribir os documentos relacionados con este asunto. Asinado dixitalmente ao marxe. Alcaldesa do Concello de Cee. Margarita Lamela Louzán.”

Sométese á votación a proposta e resulta ditaminada favorablemente con 5 votos a favor dos grupos municipais PSOE, PP e Grupo Mixto e 3 abstencións dos grupos municipais IXCee e BNG.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.”

-----INTERVENCIÓNS-----

Sra alcaldesa: xa coñecen a proposta, é a modificación da ordenanza fiscal do IBI para exención do imposto do edificio do Centro de saúde de Cee para cumprir os compromisos coa consellería de sanidade e poder levar a cabalo a cesión.

-----VOTACIÓN-----

Sométese á votación o Ditame e resulta aprobado no seguinte sentido: 3 abstencións do grupo municipal IXCee e 10 votos a favor dos restantes concelleiros asistentes á sesión.

3. **Proposta da Alcaldía relativa á modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do ICIO. Expediente Nº 2021/G016/000002.**

Considerando o seguinte:

Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Economía e Facenda o día xoves 21 de xaneiro de 2021 emitíuse o seguinte **DITAME**:

3. **Proposta da Alcaldía relativa á modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do ICIO. Expediente Nº 2021/G016/000002.**

Considerando a seguinte:

“PROPOSTA ALCALDÍA

Expediente núm.: 2021/G016/000002

Procedemento: Aprobación do expediente de modificación da ordenanza fiscal reguladora do ICIO.

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, **considerando** o escrito remitido a este Concello en data 15.12.2020 pola Consellería de Sanidade, conforme o cal esixe, entre outros compromisos, para aceptar a cesión do Centro de Saúde de Cee, o que se detalla:

“(…)O Concello comprométese a aprobar a Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, para recoller unha bonificación do 95% de acordo co disposto no artigo 103 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, reguladora das facendas locais, concretamente apartado 2.a) cando recolle a posibilidade de establecer bonificacións de ata o 95% “ a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento de emprego

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



que xustifiquen tal declaración. Corresponderá a dita declaración ao Pleno da Corporación e se acordará, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple de seus membros. Estes compromisos serán asumidos no convenio de colaboración que se asinará entre o concello e o Servizo Galego de Saúde para a cesión..(...)

Considerando así mesmo, que a redacción actual da Bonificación existente, establece literalmente: “Construción, instalación ou obras necesarias para a implantación de empresas no Polígono Industrial de Cee que soliciten a licenza de construción, instalación ou obra durante os exercicios de 2020 e 2021: 95%”, e dado que co termo implantación, leva consigo que unha empresa xa implantada non obteña dita bonificación na construción, instalación ou obra que puidera levar a cabo no Polígono, é motivo polo cal se modifica a redacción de dita bonificación, no seguinte senso: “Construción, instalación ou obras necesarias que se realicen para o desenvolvemento de actividades, no parque empresarial de Cee que soliciten a licenza de construción instalación ou obra durante o exercicio 2021: 95%.”

Visto o expediente tramitado e os informes que nel figuran, así como a Proposta de Modificación da Ordenanza fiscal referida, **PROPOÑO** ao **PLENO** da **CORPORACIÓN** a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre construcións, instalación e obras, nos termos en que figura no expediente e coa finalidade de agregar a ordenanza fiscal vixente, unha nova bonificación e unha nova redacción a xa existente, do xeito que segue:

Artigo 6. Base Impoñible.

A base impoñible do Imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, e enténdese por tal, a estes efectos, o custo de execución material daquela. Non forman parte da base impoñible o Imposto sobre o Valor Engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estritamente, o custo de execución material.

Sen prexuízo do anterior establécese o seguinte réxime de bonificacións:

- As bonificacións establecidas neste artigo son de natureza regrada e teñen carácter rogado debendo ser solicitadas expresamente polo suxeito pasivo ante este Concello no mesmo momento de achegar a documentación necesaria para a obtención da correspondente licenza.
- Se establecen as seguintes Bonificacións:

Construcións, instalacións ou obras necesarias que se realicen nos centros sanitarios dependentes da Xunta de Galicia para os que se solicite a oportuna licenza de construción, instalación ou obra en canto dure a cesión do centro de saúde á Xunta de Galicia.: 95%.

Construción, instalación ou obras necesarias que se realicen para o desenvolvemento de actividades, no parque empresarial de Cee que soliciten a licenza de construción instalación ou obra durante o exercicio 2021: 95%

SEGUNDO. Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no *Boletín Oficial da Provincia*, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.



Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [*dirección* <https://www.cee.gal>].

TERCEIRO. Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

CUARTO. Facultar a Sra. Alcaldesa para subscribir os documentos relacionados con este asunto. Asinado dixitalmente ao marxe.
Alcaldesa do Concello de Cee.
Margarita Lamela Louzán.”

Sométese á votación a proposta e resulta ditaminada favorablemente con 7 votos a favor dos grupos municipais PSOE, PP, IXCee e Grupo Mixto e 1 abstención do grupo municipal BNG.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.

-----INTERVENCIÓNS-----

Sra alcaldesa: sería igual co anterior, por un lado a modificación da ordenanza fiscal do ICIO para bonificar un 95 % do imposto para construción, instalación ou obras necesarias que se realicen dos centros sanitarios dependentes da Xunta de Galicia para cumprir o compromiso coa consellería de sanidade para proceder cesión do centro saúde e por outra parte a bonificación do 95% para construción, instalación ou obras necesarias que se realicen para o desenvolvemento de actividades, no parque empresarial de Cee.

-----VOTACIÓN-----

Sométese á votación o Ditame e resulta aprobado por unanimidade dos concelleiros/as da Corporación.

4. **Proposta da Alcaldía relativa á modificación do Anexo de Subvencións do orzamento para o exercicio 2021. Expediente Nº 2021/T002/000001.**

Considerando o seguinte:

Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Economía e Facenda o día xoves 21 de xaneiro de 2021 emitíuse o seguinte **DITAME**:

4. **Proposta da Alcaldía relativa á modificación do Anexo de Subvencións do orzamento para o exercicio 2021. Expediente Nº 2021/T002/000001.**

Considerando a seguinte:

“PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: MODIFICACIÓN DO ANEXO DE SUBVENCIÓNS DO ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2021.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Expediente Nº: 2021/T002/000001

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, considerando que a prórroga do Orzamento Municipal de 2020 a 2021 non leva consigo (segundo circular 1/2019 de IGAE e Informe de fiscalización que obra no expediente), a prórroga das subvencións nominativas que pola súa natureza deben ter carácter excepcional, sendo polo tanto necesario que o Pleno da Corporación realice unha asignación dos créditos que foron obxecto de prórroga ás subvencións nominativas que pretenda realizar, é polo que **PROPOÑO** ao **PLENO DA CORPORACIÓN** a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación do Anexo de Subvencións do Orzamento para o exercicio 2021, cuxa redacción é a seguinte:

• NOMINATIVAS 2021

| PARTIDA | ENTIDADE | IMPORTE | DESTINO | CARÁCTER |
|------------|---|---------|---------------------------|-------------|
| 230/489.00 | Cáritas Diocesana de Santiago-Parroquia de Cee. | 3.000 | Convenio | Postpagable |
| 340/489.00 | Unión Club Cee | 6.000 | Convenio | Postpagable |
| 340/489.00 | ACB Costa da Morte | 4.000 | Convenio | Postpagable |
| 340/489.00 | Asociación Deportiva Olimpia Cee | 2.500 | Convenio | Postpagable |
| 340/489.00 | S.D Ameixenda | 2.200 | Convenio | Postpagable |
| 340/489.00 | Club Arte e Movemento | 1.200 | Convenio | Postpagable |
| 340/489.00 | Fútbol Sala Feminino Villa de Cee | 2.200 | Convenio | Postpagable |
| 330/489.01 | Fundación Fernando Blanco | 18.000 | Convenio | Prepagable |
| 340/489.00 | Atlético Pereiriña Fútbol Club (G70111729) | 0 | Convenio | Postpagable |
| 340/472.00 | VIRAXES SL | 80.000 | Resultado da explotación. | Postpagable |

• EN CONCURRENCIA 2021

| PARTIDA | ENTIDAD | IMPORTE | DESTINO |
|------------|---------------------|---------|---|
| 230/480.00 | Segundo necesidades | 5.000 | emerxencias sociais |
| 230/481.00 | Sen especificar | 5.000 | Premios, libros etc becas comedor servizos sociais |
| 330/481.00 | Sen especificar | 6.000 | Premios de carnaval, campaña de lectura etc cultura |

SEGUNDO. Expoñer ao público a Modificación, por prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, para efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

TERCEIRO. Considerar elevado a definitivo este acordo, no caso de que non se presente reclamación algunha.



CUARTO. Contra a aprobación definitiva da Modificación do Anexo de Subvencións, poderá interpoñerse directamente Recurso Contencioso na forma e prazos establecidos na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Alcaldesa do Concello de Cee.
Margarita Lamela Louzán.”

Sométese á votación a proposta e resulta ditaminada favorablemente con 7 votos a favor dos grupos municipais PSOE, PP, IXCee e Grupo Mixto e 1 abstención do grupo municipal BNG.

A secretaria, ROCIO HERMIDA CANCELA.

-----INTERVENCIÓNS-----

Sra alcaldesa xa coñecen a proposta, a prorroga do presuposto non leva consigo a das subvencións nominativas é necesario someter a aprobación plenaria os créditos que foron obxecto de prórroga respecto a ditas axudas.

-----VOTACIÓN-----

Sométese á votación o Ditame e resulta aprobado por unanimidade dos concelleiros/as da Corporación.

- 5. Proposta da Alcaldía relativa á Desestimación recurso de reposición interposto por D. Santiago Marcos Fernández como administrador de Gasolineira As Pías SL contra acordo Plenario de data 30.10.2020. Expediente Nº 2020/U022/000003.**

Considerando o seguinte:

Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Economía e Facenda o día xoves 21 de xaneiro de 2021 emitíuse o seguinte **DITAME**:

- 5. Proposta da Alcaldía relativa á Desestimación recurso de reposición interposto por D. Santiago Marcos Fernández como administrador de Gasolineira As Pías SL contra acordo Plenario de data 30.10.2020. Expediente Nº 2020/U022/000003.**

Considerando a seguinte:

“PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: Desestimación recurso de reposición interposto por D. Santiago Marcos Fernández como administrador de Gasolineira As Pías SL contra acordo Plenario de data 30.10.2020.

EXPEDIENTE Nº: 2020/X999/167 e 2020/U022/000003.

Considerando que o Pleno Corporativo deste concello, na sesión ordinaria realizada o día 30 de outubro de 2020, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:



“5. Proposta de alcaldía en relación coa solicitude de bonificación do 95% no ICIO, polas obras de instalación dun lavado de vehículos na parcela 19 do Parque Empresarial a instancia de Santiago Marcos Fernández, en representación de Gasolineira As Pías SL (Exp 2020/X999/000167).

A secretaria explica que a Proposta consta ditaminada favorablemente en Comisión informativa de Facenda do 26 de outubro.

Sen xerarse debate, o Pleno coa abstención dos dous integrantes do BNG, e os votos a favor do resto do Pleno, acorda aprobar a Proposta/ditame:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: *BONIFICACIÓN DO ICIO POLAS OBRAS DE INSTALACIÓN DUN LAVADO DE VEHÍCULOS NA PARCELA 19 DO PARQUE EMPRESARIAL DE CEE.*

D^a Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee,

Visto o escrito presentado por don Santiago Marcos Fernandez, con DNI 09.420.710W, actuando en nome e representación de Gasolinera As Pias, S.L. con CIF B70601489, no que solicita a bonificación do 95% no ICIO polas obras de Instalación dun lavado de vehículos na parcela 19 do Parque Empresarial de Cee, expediente urbanístico nº 2020/U022/000003.

Visto o informe da Tesoureira municipal, emitido con data 19/10/2020, no que sinala:

“[...] Visto que con data 25 de novembro do 2019 don Santiago Marcos Fernandez presenta comunicación ao Concello de cambio de titularidade de licenza pasando a nome de Gasolinera As Pias, S.L. e con data 20 de decembro do 2019 o Concello toma razón de dito cambio mediante resolución da Alcaldía numero 735/2019,

Visto que a Ordenanza fiscal, reguladora do Imposto de Construccións, Instalacións e Obras, no artigo 6.- Base Imponible, dí:

“....Sin perjuicio de lo anterior se establece el siguiente régimen de bonificaciones:

a) Las bonificaciones establecidas en este artículo son de naturaleza reglada y tienen carácter rogado debiendo ser solicitadas expresamente por el sujeto pasivo ante este Ayuntamiento en el mismo momento de adjuntar la documentación necesaria para la obtención de la correspondiente licencia.

b) Se establece la siguiente bonificación:

Construcción, instalación u obras necesarias para la la implantación de empresas en el Polígono Industrial de Cee que soliciten la licencia de construcción instalación u obra durante los ejercicios de 2020 y 2021: 95%.”

A vista do apartado b) da Ordenanza fiscal, esta Tesourería entende que NON procede aplicación de ningunha bonificación, dado que a empresa de Gasolinera As Pias, S.L. xa estaba implantada no Parque Empresarial con outra actividade dende o ano 2019 e a bonificación do ICIO, deberá aplicarse a implantación de novas empresas, polo que procede a emisión da liquidación sin bonificación algunha. [...]

En uso das facultades que me atribue a lexislación vixente, PROPOÑO ao PLENO DA CORPORACIÓN:



Exp. 2021/G010/000001

1. *Desestimar a solicitude presentada por don Santiago Marcos Fernandez, actuando en nome e representación de Gasolinera As Pias, S.L. de bonificación do 95% do ICIO polas obras de instalación dun lavado de vehículos na parcela 19 do parque empresarial de Cee, debido a que a empresa de Gasolinera As Pias, S.L. xa estaba implantada no Parque Empresarial con outra actividade dende o ano 2019 e a bonificación do ICIO, deberá aplicarse a implantación de novas empresas durante os exercicios 2020 e 2021.*

2. *Proceder a emitir a liquidación do ICIO ao solicitante, correspondente ao expediente urbanístico nº 2020/U022/000003, sen bonificación algunha..”*

Visto que contra o referido acordo o interesado presenta recurso de reposición contra o mesmo, con NRE 202099900001322, en data 4.12.2020.

Resultando que obra o informe emitido por D^a Angelina Blanco Rial, Tesoureira Municipal, emitido o 14.12.2020, do seguinte tenor literal:

“INFORME A RECURSO DE REPOSICIÓN

Visto o recurso interposto po don don Santiago Marcos Fernandez, con DNI 09.420.710W, actuando en nome e representación de Gasolinera As Pias, S.L. con CIF B70601489, no que interpon recurso contra o acordó adoptado de denegación da a bonificación do 95% no ICIO polas obras de Instalación dun lavado de vehículos na parcela 19 do Parque Empresarial, Esta Tesourería Informa que se remite e RATIFICA o informe emitido no mes de Outubro, que copiado literalmente dí:

“Visto que con data 25 de novembro do 2019 don Santiago Marcos Fernandez presenta comunicación ao Concello de cambio de titularidade de licenza pasando a nome de Gasolinera As Pias, S.L, e con data 20 de decembro do 2019 o Concello toma razón de dito cambio mediante resolución da Alcaldía numero 735/2019,

Visto que a Ordenanza fiscal, reguladora do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, no artigo 6.- Base Impoñible, dí:

“....Sin perjuicio de lo anterior se establece el siguiente régimen de bonificaciones:

a) Las bonificaciones establecidas en este artículo son de naturaleza reglada y tienen carácter rogado debiendo ser solicitadas expresamente por el sujeto pasivo ante este Ayuntamiento en el mismo momento de adjuntar la documentación necesaria para la obtención de la correspondiente licencia.

b) Se establece la siguiente bonificación:

Construcción, instalación u obras necesarias para la la implantación de empresas en el Polígono Industrial de Cee que soliciten la licencia de construcción instalación u obra durante los ejercicios de 2020 y 2021: 95%.”

A vista do apartado b) da Ordenanza fiscal, esta Tesourería entende que NON procede aplicación de ningunha bonificación, dado que a empresa de Gasolinera As Pias, S.L. xa estaba implantada no Parque Empresarial con outra actividade dende o ano 2019 e a bonificación do ICIO, deberá aplicarse a implantación de novas empresas, polo que procede a emisión da liquidación sin bonificación algunha.”

E canto informa en CEE a catorce de decembro do dous mil vinte

A TESOUREIRA

Asdo. Dixitalmente.”

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO** ao **PLENO da CORPORACIÓN**, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Desestimar na súa integridade o Recurso de Reposición interposto por D. Santiago Marcos Fernández en calidade de administrador de Gasolineira As Pías SL, con NRE 202099900001322, en data 4.12.2020 contra o acordo plenario de data 30 de outubro de 2020 polo que se desestimaba a solicitude de bonificación do 95% do ICIO polas obras de instalación dun lavado de vehículos na parcela 19 do parque empresarial de Cee e proceder a emitir a liquidación do ICIO ao solicitante, correspondente ao expediente urbanístico nº 2020/U022/000003, sen bonificación algunha, en base ao informe transcrito na parte expositiva que serve de motivación á presente desestimación.

SEGUNDO.- Notificar o acordo ao interesado coa indicación expresa de que en aplicación do artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, poderá interperse recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vd. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán.”

Sométese á votación a proposta e resulta ditaminada favorablemente con 3 votos a favor dos grupos municipais PSOE e Grupo Mixto e 5 abstencións dos grupos municipais PP, IXCee e BNG.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.

INTERVENCIÓNS-----

(...) Sra alcaldesa xa coñecen a proposta e xa foi debatida na comisión correspondente.

-----VOTACIÓN-----

Sométese á votación a proposta e resulta aprobada no seguinte sentido: 5 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Grupo Mixto e 8 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

6. **Proposta da Alcaldía relativa a aprobación do REC 1/2021 e levantamento de reparo. Expediente Nº 2021/X999/000026.**

Considerando o seguinte:

Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Economía e Facenda o día xoves 21 de xaneiro de 2021 emitíuse o seguinte **DITAME**:

6. **Proposta da Alcaldía relativa a aprobación do REC 1/2021 e levantamento de reparo. Expediente Nº 2021/X999/000026.**

Considerando a seguinte:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO Nº 1 DE FACTURAS DO EXERCICIO 2020 POLO IMPORTE DE 12.499,90€.
EXPEDIENTE Nº: 2021/X999/000026.

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, considerando o expediente Nº 2021/X999/000026 relativo ao Recoñecemento Extraxudicial de Crédito Nº 1/2021 de facturas do exercicio anterior que ascende a un importe de 12.499,90 €.

Visto o informe de Fiscalización emitido pola Sra Interventora de desconformidade con suspensión da tramitación do expediente e da execución dos gastos ata que os reparos sexan solventados (habilitando o crédito necesario para ditos gastos) ou sexa resolta a discrepancia plantexada en relación cas facturas afectadas por reparo.

Resultando que por Resolución da Alcaldía de data 18 de xaneiro de 2021 foi levantado o reparo formulado en canta a discrepancia plantexada en relación cas facturas afectadas.

Visto que corresponde ao Pleno da Corporación a resolución da discrepancia plantexada baseada na insuficiencia de crédito (artigo 217.2.a/ do Real Decreto Legislativo 2/2004) e así mesmo, ao solventar o reparo deberá recoñecer extraxudicialmente as facturas e habilitar o crédito necesario para o recoñecemento das obrigas.

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO** ao **PLENO** da **CORPORACIÓN**, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Levantar o reparo interposto pola Intervención Municipal baseado na insuficiencia de crédito e en consecuencia habilitar o crédito necesario para o recoñecemento das obrigas.

SEGUNDO.- Aprobar o REC 1/2021 polo importe de 12.499,90 €.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán.

Sométese á votación a proposta e resulta ditaminada favorablemente con 3 votos a favor dos grupos municipais PSOE e Grupo Mixto e 5 abstencións dos grupos municipais PP, IXCee e BNG.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA”

INTERVENCIÓNS

Sra alcaldesa: xa coñecen a proposta, xa consta o levantamento de reparo por parte da alcaldía, procede someter a aprobación.

-----VOTACIÓNS-----

Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada no seguinte sentido: 5 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Grupo Mixto e 8 abstencións dos restantes concelleiros/las asistentes á sesión.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE DESENVOLVEMENTO RURAL E OBRAS PÚBLICAS

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



7. Proposta da Alcaldía relativa ao PLAN ÚNICO DE CONCELLOS, POS +2021. EXPEDIENTE Nº: 2020/X999/000244.

Considerando o seguinte:

Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Desenvolvemento Rural e Obras Públicas o día xoves 21 de xaneiro de 2021 emitíuse o seguinte **DITAME**:

3. Proposta da Alcaldía relativa ao PLAN ÚNICO DE CONCELLOS, POS +2021. EXPEDIENTE Nº: 2020/X999/000244.

Considerando a seguinte:

PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: PLAN ÚNICO DE CONCELLOS, POS +2021

EXPEDIENTE Nº: 2020/X999/000244.

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, considerando a Circular sobre a aprobación das Bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos POS+2021), **PROPOÑO** ao **PLENO** da **CORPORACIÓN**, a adopción do seguinte **ACORDO**:

1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2021"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2021", "achega provincial 2020" e "préstamo provincial 2021":

A) Financiamento do pago a provedores:

| | Capítulo II | Capítulo VI | Total |
|---|--------------------|--------------------|--------------|
| Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores | | | |
| Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de pago a provedores | | | |
| Subtotal pago a provedores | | | |

B) Financiamento de gastos correntes:

| | Deputación |
|--|-------------------|
| Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de gastos correntes | 198841,19€ |
| Achega provincial 2020 (Excepción da Base 2.2 final) | |
| Subtotal gasto corrente | |

C) Financiamento de investimentos:

| ACHEGA PROVINCIAL 2021 | Financiamento do investimento |
|-------------------------------|--------------------------------------|
|-------------------------------|--------------------------------------|



| Denominación da obra ou subministración | Deputación | Concello | Orzamento total |
|--|------------|----------|-----------------|
| Subtotal investimentos achega provincial 2021 | | | |

| ACHEGA PROVINCIAL 2020 (Investimentos financeiramente sostibles) | Financiamento do investimento | | |
|---|-------------------------------|-----------------|------------------|
| | Deputación | Concello | Orzamento total |
| Denominación da obra ou subministración | | | |
| ABASTECIMIENTO EN A PEREIRIÑA. FASE II | 102000,01€ | 0 | 102000,01€ |
| MELLORA DO NÚCLEO DE PORCAR (LIREs) | 102157,39€ | | 102157,39€ |
| PAVIMENTACIÓN EN MORANCELLE | 9214,45€ | 25946,34€ | 35160,79€ |
| Subtotal investimentos achega provincial 2020 | 213371,85 | 25946,34 | 239318,19 |

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

| Entidade financeira | PRÉSTAMO PROVINCIAL 2021 aplicado á redución da débeda |
|--|---|
| Subtotal redución de débeda con entidades financeiras | |

E) Resumo:

| SUBTOTALS | | Deputación | Concello | Total |
|----------------------|-------------------------------|------------|-----------|------------|
| A- PAGO A PROVEDORES | Achega 2020 | | | |
| | Achega 2021 | | | |
| B- GASTOS CORRENTES | Achega 2021 | 198841,19€ | | 198841,19€ |
| | Achega 2020 (Excep. Base 2.2) | | | |
| C- INVESTIMENTOS | Achega 2021 | | | |
| | Achega 2020 | 213371,85€ | 25946,34€ | 239318,19€ |
| D- REDUCCIÓN DÉBEDA | Préstamo 2021 | | | |



| | | | | |
|--------------|----------------------|-------------------|------------------|-------------------|
| TOTAL | Achega 2021 | 198841,19€ | | 198841,19 € |
| | Achega 2020 | 213371,85€ | 25946,34€ | 239318,19€ |
| | Préstamo 2021 | | | |
| | TOTAL | 412213,04€ | 25946,34€ | 438159,38€ |

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2021 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

| Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado) | Orzamento |
|---|-------------------|
| RENOVACIÓN DO PAVIMENTO NA RÚA MAGDALENA | 105609,70€ |
| PAVIMENTACIÓN E RENOVACIÓN DE SERVIZOS DE ESCABANAS A PONTE DA GROBA | 77447,68€ |
| PAVIMENTACIÓN RAMAL CHAFARIS E VILAR DE TOBA A ASPADEX | 33331,49€ |
| PAVIMENTACIÓN EN CHAFARIS E RAMAL ASPADEX | 45345€ |
| TOTAIS | 261733,87€ |

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2021 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2021 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Alcaldesa Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán."

Sométese á votación a Proposta e resulta ditaminada favorablemente por unanimidade dos asistentes á sesión.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA."



-----INTERVENCIÓNS-----

Sra alcaldesa: xa coñecen a proposta, foi acordada por todos nas comisións correspondentes, fixéronse os proxectos e agora sometese a votación.

Sr Domínguez Louro: nos vamos votar a favor inda que non estamos de acordo con adicar casi a totalidade do plan 2021 a gastos correntes, concretamente 83.000 euros como se viña facendo 80000 para piscina e dos 35000 restantes quedamos que se ía usar 21000 euros para complementar a obra para chegar os 30000, consideramos e votamos a favor porque o acordo entre todas as forzas é positivo para o pobo e oxalá tivéssemos mais cartos e diñeiro para poder seguir tentando chegar a acordos en calquera caso non estamos de acordo co principio de adicar tanto a gasto corrente porque hai que recordar que é o esforzo mais grande que se pode facer en obras gracias a este plan da deputación e canto mais cartos puidesen ir a obras mellor, en todo caso é un acordo de todas as forzas e vamos repetalo simplemente para rematar unha pregunta, que quedou pendente cando explicou as suas obras dixo que había algunha que había que pensar en facela a curto prazo que eran urxentes, unha delas o saneamento Codesos Vilanova nos levamos traendo esa obra os últimos 6 anos, e saneamento en San Xose Pereira, Cabaleriza, Sembra entón porque falou dese saneamento en concreto si hai algo que non sabemos porque o nomeou esta vez e outras non.

Sra alcaldesa: porque considero que as obras de saneamento son sumamente importantes e polos requirimentos da técnica que ven facer revisión de augas de Galicia, temos que acometer varias de maneira urxente, respecto Estorde hai que buscar unha solución non é suficiente con esa depuradora, creo que hai que ir acometendo as obras de saneamento e cun requirimento concreto que hai por Estorde, que agora arquívouse pero hai que dar unha solución definitiva, dixeron de Codesos porque o hai que facer igual que Bermun, é mais, considero que agora con maior urxencia imos ter que acometer a de Estorde.

Sr Domínguez Louro: me parece estupendo, nese aspecto vai ter o noso voto a favor, me chamou atención pero si queremos empezar por Codesos por suposto que conte co voto favor e o tema de Estorde que non sabía eu insisto a risco de ser pesado, cuidado coas depuradoras que na maioría dos casos son suficiente pero non están funcionando da maneira adecuada e non ten un mantemento o xeito e reciben auga e que non debería, por eso insisto na separación de augas pluviais e fecais, a de Estorde si recibe auga limpa vale perfectamente pero xa falaremos.

Sra alcaldesa: a liña deste goberno é facer segundo fagamos pavimentacións, separación de augas pluviais e fecais, o criterio do goberno e parte do resto da oposición mantiveron este criterio.

Sr Domínguez Louro: si, si, simplemente me refiro que antes de entrar a analizar a depuradora entrar no problema previo de separación, seguramente non seremos capaces de facelo en todo pero é imprescindible facer iso para analizar o problema da depuradora.

-----VOTACIÓN-----

Sométese á votación o Ditame e resulta aprobado por unanimidade dos concelleiros/as da Corporación.

8. Proposta da Alcaldía relativa ao POS+ADICIONAL 1/2021 para Gastos Sociais Extraordinarios do exercicio 2021. Expediente Nº 2020/X999/000221.

Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Desenvolvemento Rural e Obras Públicas o día xoves 21 de xaneiro de 2021 emitíuse o seguinte **DITAME**:

4. Proposta da Alcaldía relativa ao POS+ADICIONAL 1/2021 para Gastos Sociais Extraordinarios do exercicio 2021. Expediente Nº 2020/X999/000221.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Considerando a seguinte:

PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: POS+ADICIONAL 1/2021 PARA FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS.

EXPEDIENTE Nº: 2020/X999/000221.

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, considerando a Circular sobre o Pos+Adicional 1/2021 para Gastos sociais extraordinarios do exercicio 2021, **PROPOÑO** ao **PLENO** da **CORPORACIÓN**, a adopción do seguinte **ACORDO**:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "**POS+ ADICIONAL 1/2021**" da Deputación Provincial da Coruña **para o financiamento de gastos sociais extraordinarios**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

| | |
|---|-------------------|
| Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios | 120509,81€ |
|---|-------------------|

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

| GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS | PREVISIÓN DE GASTOS 2021 | ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS | ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) |
|--|--------------------------|---|--|
| | (A) | (B) | (A-B) |
| a) Reforzo de persoal, técnico e/ou administrativo, adscrito aos servizos sociais, co obxecto de apoiar aos equipos actuais, e facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan. (O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación) | | | |



| GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS | PREVISIÓN DE GASTOS 2021 | ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS | ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) |
|---|---------------------------------|--|--|
| b) Ampliar e dotar as partidas destinadas a garantir ingresos suficientes as persoas soas o familias, maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social, con baixos o nulos ingresos económicos, mediante axudas económicas para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, gastos médicos o farmacéuticos, transporte, que favorezan a integración. | 5000€ | 0 | 5000€ |
| c) Axudas as familias para gastos que faciliten a escolarización, material informático, acceso aos medios dixitais valoradas por os profesionais dos servizos sociais comunitarios. | | | |
| d) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc. (O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS) | 430.197,60€ | 270.003,84€ | 160.193,76€ |
| e) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación. | | | |
| f) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas de atención a persoas sen fogar. | | | |



| GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS | PREVISIÓN DE GASTOS 2021 | ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS | ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) |
|---|-------------------------------------|--|--|
| g) Adquisición de medios de prevención (EPIS) destinados exclusivamente aos profesionais dos servizos sociais e persoas usuarias dos programas que non contén con medios para adquirir os mesmos, a criterio do persoal técnicos dos servizos sociais. | | | |
| h) Outras medidas que os servizos sociais das entidades locais, consideren imprescindibles e urxentes para atender as persoas especialmente vulnerables, así como os servizos e centros de carácter municipal, con motivo desta crise e sexan debidamente xustificadas. | | | |
| T O T A L | 435.197,60€ | 270.003,84€ | 165.193,76€ |

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Asinado dixitalmente ao marxe.
Alcaldesa do Concello de Cee.
Margarita Lamela Louzán.”

Sométese á votación a Proposta e resulta ditaminada favorablemente por unanimidade dos asistentes á sesión.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.”

-----INTERVENCIÓNS-----

Sra alcaldesa: xa se explicou na comisión son 120509,81euros, dos que se destinan 115509,81 para SAF e 5000 euros para emerxencia.

-----VOTACIÓN-----

Sométese á votación o Ditame e resulta aprobado por unanimidade dos concelleiros/as da

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Corporación.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE SEGUIMIENTO DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS PÚBLICOS

9. Proposta da alcaldía relativa á Resolución contractual do contrato administrativo asinado o 28 de febreiro de 2005 entre o Concello de Cee e FRUTVILA SL relativo a concesión do posto tipo E local 33 mercado de abastos. EXPEDIENTE Nº: 2020/X999/000112.

Considerando o seguinte:

Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Seguimento de Concesións Administrativas o día xoves 21 de xaneiro de 2021 emitíuse o seguinte **DITAME**:

2. Proposta da alcaldía relativa á Resolución contractual do contrato administrativo asinado o 28 de febreiro de 2005 entre o Concello de Cee e FRUTVILA SL relativo a concesión do posto tipo E local 33 mercado de abastos. EXPEDIENTE Nº: 2020/X999/000112.

Considerando a seguinte:

PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: Resolución contractual do contrato administrativo asinado o 28 de febreiro de 2005 entre o Concello de Cee e FRUTVILA SL relativo a concesión do posto tipo E local 33 mercado de abastos.
EXPEDIENTE Nº: 2020/X999/000112

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, visto o expediente tramitado ao efecto e considerando o acordo da Instrutora do Procedemento, que literalmente se transcribe:

“(…) ANTECEDENTES

- 1) *Contrato administrativo asinado o 28 de febreiro de 2005 entre o Concello de Cee e FRUTVILA SL.*
- 2) *Informe de Secretaría.*
- 3) *Informe da Tesoureira Municipal emitido en data 29 de xullo de 2020*
- 4) *Acordo plenario de data 28 de agosto de 2020 e notificación efectuada o 29 de setembro de 2020.*
- 5) *Informe do Encargado do Rexistro da Corporación.*

LEXISLACIÓN APLICABLE

— Os artigos 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

— Real Decreto Lexislativo 2/2000 de 16 de xuño polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas. (En adelante TRLCAP)

— O artigo 109 e seguintes do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos.

— O Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réximen Local.

— Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos no novo mercado de abastos da Vila de CEE.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



__Prego de Cláusulas Económico-Administrativas para a concesión mediatne subasta dos postos de venda e cafetería do novo mercado de abastos da Vila de CEE aprobado en sesión plenaria do 3 de outubro de 2003.

__Contrato Administrativo asinado o 19 de xaneiro de 2004.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

CONSIDERANDO O ARTIGO 109 DO REAL DECRETO 1098/2001, DE 12 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O REGULAMENTO XERAL DA LEI DE CONTRATOS DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS, QUE LITERALMENTE DI:

“1. La resolución del contrato se acordará por el órgano de contratación, de oficio o a instancia del contratista, previa autorización, en el caso previsto en el último párrafo del artículo 12.2 de la Ley, del Consejo de Ministros, y cumplimiento de los requisitos siguientes:

a) Audiencia del contratista por plazo de diez días naturales, en el caso de propuesta de oficio.

b) Audiencia, en el mismo plazo anterior, del avalista o asegurador si se propone la incautación de la garantía.

c) Informe del Servicio Jurídico, salvo en los casos previstos en los artículos 41 y 96 de la Ley.

d) Dictamen del Consejo de Estado u órgano consultivo equivalente de la Comunidad Autónoma respectiva, cuando se formule oposición por parte del contratista.

2. Todos los trámites e informes preceptivos de los expedientes de resolución de los contratos se considerarán de urgencia y gozarán de preferencia para su despacho por el órgano correspondiente.” Dado que no período de alegación outorgado á parte interesada, non formula oposición, de conformidade co artigo referido, non é necesario emisión de Ditame polo Consello Consultivo.

Á vista do exposto **PROPOÑO:**

PRIMEIRO.- A Resolución contractual do contrato administrativo asinado o 28 de febreiro de 2005 entre o Concello de Cee e FRUTVILA SL relativo a concesión do posto tipo E local 33 mercado de abastos.

SEGUNDO.- Incautación da garantía constituída pola cantidade de 120,28 euros como fianza definitiva.

TERCEIRO.- Dar traslado da presente proposta da instrutora á parte interesada outorgando un prazo de 15 días a efectos de que poida formular as alegacións que estime oportunas, indicando que o expediente está a súa disposición nas oficinas do Concello.(...)”

Resultando que non obran alegacións presentadas no expediente pola interesada ao acordo da Instrutora notificado o 22.12.2020.

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO** ao **PLENO** da **CORPORACIÓN**, a adopción do seguinte **ACORDO:**

PRIMEIRO.- A Resolución contractual do contrato administrativo asinado o 28 de febreiro de 2005 entre o Concello de Cee e FRUTVILA SL relativo a concesión do posto tipo E local 33 mercado de abastos.

SEGUNDO.- Incautación da garantía constituída pola cantidade de 120,28 euros como fianza definitiva.

TERCEIRO.- Notificar a parte interesada coa indicación expresa de que contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante a Alcaldía deste Concello, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si optácese por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por



silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vd. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

CUARTO.- Facultar a Sra alcaldesa para as actuación necesarias aos efectos de liquidación contractual.

QUINTO.- Dar traslado do acordo aos departamentos de Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán.

Sométese á votación a proposta e resulta ditaminada favorablemente por 3 votos a favor dos grupos municipais PSOE e Grupo Mixto e 5 abstencións dos grupos municipais PP, IXCee e BNG.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.”

-----INTERVENCIONS-----

Sra alcaldesa: coñecen a proposta se iniciou un expediente de resolución de la concesión, por la interesada, la empresa no se presentó ningún tipo de oposición al procedimiento y procede dictar la resolución de la concesión.

-----VOTACION-----

Sométese a votación o ditame e resulta aprobado no seguinte sentido: 5 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Grupo Mixto e 8 abstencións dos grupos políticos PP, IXCee e BNG.

10. Proposta da alcaldía relativa á aprobación do Expediente de Contratación Nº2020/C004/000008: Contratación armonizada, mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adjudicación, do servizo de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos no Concello de Cee e toma de razón do nomeamento de asesor técnico da mesa de contratación remitido pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda: D. Francisco Javier Copa Rodríguez (Xefe de sección de Xestión Ambiental IV, da Xefatura Territorial da Coruña.

Considerando o Ditame da Comisión Informativa de seguimento de concesións administrativas e Servizos Públicos favorable emitido o día 14 de decembro de 2020 e a toma de razón do técnico D. Francisco Javier Copa Rodríguez (Xefe de sección de Xestión Ambiental IV, da Xefatura Territorial da Coruña.

-----INTERVENCIONS-----

Sra. alcaldesa: tráese de novo a proposta coa designación dun técnico da Xunta D. Fco Javier Copa.....algunha intervención?

Sr Domínguez García: Quería introducir unhas pequenas enmiendas na paxina 21 onde dice: Outórgase unha importancia similar a criterios de valoración mediante xuízo de valor e a criterios cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas, 20 puntos no primeiro criterio fronte a 80 no segundo, outorgarase unha importancia similar en vez de 20 debe poñer 40 é o que propoño fronte o 80 serían 60, ponderar mais as técnicas e as económicas sigúense puntando mais pero menos.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Logo nos criterios cuxa ponderación depende dun xuízo de valor onde pon maximo 20 debe poñer 40 e nos criterios as que están postas, leo as que están e as que petendo cambiar:

Ø Consistencia e eficiencia do organigrama presentado no proxecto de organización e xestión dos servizos, a súa congruencia co proxecto de prestación do servizo proposto, equilibrio entre diferentes tipoloxías de persoal, funcionalidade operativa e polivalencia: ata 1 puntos

Eso eliminaríase e cambiaríase por:

Calidade da proposta de organización de medios humanos e materiais para a prestación do servizo de recollida e transporte de residuos. Ata 10 puntos

Ø Medios persoais comprometidos: ata 2 puntos

Eso cambiaríase por:

Dimensionamento e xustificación según características e necesidades do Ayuntamiento. Ata 10 puntos.

Ø Proposta de plan de igualdade de xénero e de conciliación de vida persoal e laboral: ata 2 puntos

Eso cambiaríase por:

Descrición das propostas de lavado de contenedores, recollida de enseres. voluminosos, recollida selectiva e outros servizos que melloren a calidade da prestación da recollida e transporte de residuos. Ata 10 puntos.

Ø Medios materiais comprometidos: ata 4 puntos

Eso cambiaríase por:

Características medio ambientais da oferta. Tales como: características e plan de mantemento da maquinaria e medios materiais ofrecidos, redución do nivel de emisión de gases de efecto invernadoiro, emprego de medidas de aforro e eficiencia enerxética, redución da xeneración de rúidos e o mantemento dos recursos naturais que se poidan ver afectados pola execución do contrato. Ata 5 puntos.

Ø Metodoloxía xeral a aplicar para a xestión do servizo nas súas distintas variedades: ata 7 puntos.

Eso eliminaríase por:

Proposta en campaña de concienciación. Ata 3 puntos.

Ø Eficiencia do plan de seguridade e saúde (prevención de riscos laborais): ata 2 puntos

Ø Eficiencia do plan de sensibilidade, concienciación e comunicación cidadá: ata 2 puntos

Eliminaríanse

cambiaríase por:

Outros servizos propostos polo licitador para a xestión de residuos e/ou apoio á recollida e transporte de residuos. Ata 2 puntos.

O resto criterios cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas, neste apartado avaliarase a oferta cuantitativa dos licitadores conforme aos seguintes criterios:

Se cambiaría por:

Outorgarase a máxima puntuación de 50 puntos á oferta mais barata. O resto das puntuacións obteránse de acordo a fórmula que lle mandei unha foto a Secretaría:

$$P_i = P_{\max} \sqrt[3]{B_i/B_{\max}}$$

Sendo:

P_i = Puntuación a obter.

P_{\max} = Puntuación máxima do criterio (50 puntos).

B_i = Baixa (en %) da oferta a valorar (respecto ao tipo de licitación).

B_{\max} = Baixa (en %) da oferta con maior baixa (respecto ao tipo de licitación).

Eso mandeillo por foto a Secretaría despois a puntuación dos anclaxes queda igual:



- Proposta de renovación de sistemas de ancoraxe de colectores. Cun máximo de cinco puntos asignarase 1 punto por cada 10 ancoraxes que oferten os licitadores para renovar no centro urbano de Cee e nas zonas rurais que sexa posible. Obterase a puntuación de modo proporcional ata o máximo referido, sen ter en conta decimais nin cantidades intermedias

| | |
|--------------|----------|
| 10 ancoraxes | 1 punto |
| 20 ancoraxes | 2 puntos |
| 30 ancoraxes | 3 puntos |
| 40 ancoraxes | 4 puntos |
| 50 ancoraxes | 5 puntos |

O resto, osea quedaría así como está aí, se eliminaría a aportación de recollida de envases lixeiros por exemplo que pon 5 puntos para maior periodicidade agora é un día a semana e ata 5 puntos aumentando o máximo de recollidas 4 maiores ou cambiaríamos por quedaría igual cun máximo de 5 puntos o importe anual que cada licitador destine á campaña de concienciación, Esto quedaría igual pero en vez de 4 serían 5 puntos:

- Campaña anual de concienciación: ata 5 puntos

Será obxecto de valoración, con un máximo de 5 puntos, o importe anual que cada licitador destine á campaña de concienciación e sensibilización co gallo de mellorar aspectos relevantes do servizo (separación en orixe, horarios de depósito de residuos, etc). Establecese como importe mínimo a efectos de valoración a cantidade de 3.000 € (IVA no incluído).

A fórmula a aplicar para a valoración da campaña de concienciación será:

$$P_i = P_{max} \sqrt{\frac{I_i}{I_{max}}}$$

sendo:

Pi= Puntuación a obter.

Pmax= Puntuación máxima do criterio (5 puntos)

I_{max}= Importe económico máis elevado.

I_i= Importe da oferta a valorar.

Sr Villar: estás repetindo a campaña de concienciación nas cualitativas e cuantitativas.

Sr Domínguez García: é distinto nun puntuamos ata 3 e noutro ata 5 pola cantidade que destinan, tal e como tendes vos.

Sr Villar: non se pode facer porque se revela a oferta económica.

Sra alcaldesa: con ese dato se revela a oferta económica.

Sr Domínguez García: vai na primeira pero na segunda vai que se valora con 5 puntos quen supere os 3000 euros, en proporción a fórmula, se puntuá a concienciación en dous sitios, na primeira parte ata 3 puntos e logo aquí na económica o que supere os 3000 euros se lle dará 5 puntos o que mais supere, o que non supere daselle 0 puntos e os outros en proporción, como poñedes vos.

Sra alcaldesa: escuche un momento, mire el artículo 97.5 del ROF dice que la enmienda es la propuesta de modificación de un dictamen presentada por cualquier medio mediante escrito presentado al presidente antes de iniciar la deliberación, por tanto nos puede remitir por correo electrónico las enmiendas que está presentando para que las podamos ver?



Sr Domínguez García: agora non vos podo mandar

Sra alcaldesa: el artículo 97.5 dice que hai que presentarlas por escrito.

Sr Domínguez García: o artículo 97.5 di moitas cousas pero Vde non me permitiu facer unha comisión previa a esto

Sra alcaldesa: las enmiendas no es una modificación sustancial y hay que concretar, está haciendo una modificación sustancial al pliego, hay que concretarla y justificar el motivo por el que se enmienda, está modificando el pliego al completo bueno en su mayoría, eso no es una enmienda, le doy la opción de que nos las envíe por correo electrónico, que las tendrá por escrito, pasamos al siguiente punto y luego volvemeos a esto.

Sr Domínguez García: en lugar de correo electrónico xa lle pasei por wasap a secretaria os puntos a cambiar eu agora mesmo non podo mandar o correo e mais non sei facelo nunha palabra, eu xa lle mandei unha fotografía cos cambios, contaba cunha comisión previa, pedin unha semana mais na última comisión, retrasamonos mais do que eu dixen e non poden facelo, non pensei que viñera a este Pleno.

Secretaria: estos criterios que están aquí si non me equivoco son os mesmos (interrumpe)

Sr Domínguez García: son os que hai que poñer no lugar dos que hai no prego

Secretaria: son os mesmos que os que dixera na outra ocasión?

Sr Domínguez García: mais ou menos

Secretaria: no prego que nos mandara?

Sr Domínguez García: mais ou menos, non sei si son exactamente

Secretaria: nestes criterios a maior parte deles están sen delimitar sen definir, é dicir un licitador non sabe que ten que poñer na súa plica para levar a máxima puntuación.

Sr Domínguez García: nos outros tampouco, en consistencia do organigrama presentado.

Secretaria: porque xa se explica no proxecto de organización todo o que ten que levar o proxecto de organización

Sr Domínguez García: aquí calidade e proposta de organización de medios humanos, o que lea esto sabe o que ten que presentar

Secretaria: non porque ao asesor técnico non se lle pon no prego cal é a que ten que ter mais calidade, que ten que presentar, por exemplo.

Sr Domínguez García: eso quen o valora é a mesa de contratación, non lle deades mais voltas pola maña xa o presenteí o enseñei e non me dixestes que houbera pega e me decides que mande un correo e agora non podoo, os criterios están claros, dimensionamento e xustificación según características e necesidades do ayuntamiento, eso entendo calquera.

Sra alcaldesa mire Sr Domínguez. es una modificación sustancial del pliego y no se puede hacer como enmienda.

Sr Domínguez García: claro que é unha modificación sustancial do prego, xa o sei, claro que si porque entendo que o proxecto tal e como está valora practicamente o prezo non a calidade do servizo, en absoluto por eso presento esto, nada mais, non é outra razón, e ponderase o precio un pouco menos e mais as prescricións de calidade do servizo

Sr Vigo: en primer lugar decir que IXCee está satisfecho de que se haya recogido en el pliego las manifestaciones que dijimos en su día y cambiase técnico que se proponía, consideramos mas oportuno en cualquier caso ante esta tesitura habría que analizar ese planteamiento del PP. No sabemos si es mejor o peor si hay que introducir o no

Sra alcaldesa: lo que está planteando el Sr Domínguez ya se llevó a una comisión y usted no dijo nada, si su posición es votar en contra dígaloo de forma clara.

Sr Vigo: si nosotros(corte de sonido) con datos y fórmulas para decidir en su día la mesa de contratación me parece que es algo que deberíamos estudiar o matizar en una comisión, y lo valoramos, no tenemos intención de votar en contra pero entendemos que debe estudiarse lo que dice el PP.

Sra alcaldesa: entonces serían otros pliegos



Sr Domínguez García: el pliego es el mismo, quero que se permita presentar, aqui nunca se permite nada, como se varíe algo do goberno estamos perdidos por eso pido os outros grupos que non voten o prego si non se admite polo menos a debatir esto, ou se faga outra comisión ou outro pleno e o preparamos aquí, como nos apartemos da liña oficial nada, digo que non votedes o prego si non se acepta eso porque esto mellora moito mais o servizo senón vai simplemente polo prezo e non valoramos a calidade, aforramos nesto e gastamos o dobre en sogama.

Sr Vigo: estudar se debería de estudar porque votar asi todo esto que se nos plantea me parece muy fuerte y ahora mismo no tendría criterios.

Sr Domínguez García: no sabía que este punto iba al Pleno y no me dio tiempo de prepararlo.

Sra alcaldesa: hace dos meses

Sr Domínguez García: non me veña con rolos, unha comisión previa

Sra alcaldesa: las enmiendas se presentan en el pleno, por escrito,

Sr Domínguez García: solo cambio os criterios e a valoración do precio, é como ten que ser por si queremos valorar a calidade si queremos dalo o mais barato facemos unha subasta e punto e nos evitamos os pregos.

Sr Villar: Sr Domínguez, sabe canta diferencia hai entre a sua proposta e a do goberno? 5 puntos.

Sr Domínguez García: estamos valorando as técnicas, nos en 40 vos en 20.

Sr Villar: a valoración económica usted 50 e nos 55.

Sr Domínguez García: no, no, no, as técnicas.

Sr Villar: xa llo expliquei 40 veces na comisión, nos 50 e Vde 50.

Sr Domínguez García: usted as técnicas en 20 e nos en 40.

Sr Villar: usted non fala de económica

Sr Domínguez García: da económica e das técnicas

Sr Villar: a diferencia da económica son 5 puntos en 100, usted 50 e nos 55

Sr Domínguez García: e os criterios de ponderación, nos 40 e vos 20

Sr Villar: usted cando pondera hai cualitativos e cuantitativos si suma as dúas nos da 5 de diferencia.

Sr Vigo:corte sonido, xa que hai este debate, é precisamente polo que digo eu, o normal sería plantexar si é asi, si son tan claros os números plantear dous cuadrantes e ver a diferencia que hai e ver si é significativo ou non....

Sr Domínguez García:....nos falamos do que se pode aforrar ou non, e no que se pode aforrar na factura de sogama para que se faga un reciclaxe como é debido e que non pase como está pasando agora, a Sogama pagamos casi 400000 euros que si facemos ben esto podemos aforrar 100000 euros e non facer todo de prisa e correndo.

Sra alcaldesa: de prisa y corriendo y tantas comisiones

Sr Domínguez García: nunca quixestes admitir nada, un proyecto e no aqui non se pode facer nada, pido o resto dos grupos que non se aprobe o prego sinon se admite a debatir porque senón esto é unha dictadura.

Sra alcaldesa: que dictadura si se incluyó todo lo que pudo incluir, de IXCee, Bng y lo que se podía del PP, la propuesta que está haciendo el Sr Dominguez no es una cuestión de compartirla o no porque pone, proposta en campaña concienciación y por otro, outros servizos propostos polo licitador para a xestión de residuos, hay que concretar no vale de forma genérica porque quien se presenta tiene que saber para poder puntuar,

Sr Domínguez García: outros servizos a maiores

Sra alcaldesa: non é posible,

Sr Domínguez García: deme un minutos nada mais, un minuto, se pide outros servizos que propoña o licitador e eles poden ofrecer, mirade o que se valora, na pax 23 maior nº de recollida respecto a recollida selectiva de embases lixeiros, o minimo esixido 5 puntos, unha vez a semana que dixemos que sobra pois non se lle dan 4 puntos mais si pon 4 días de recollida a maiores, si chega un día, home por favor esto non hai por onde collelo, este prego é un corta e pega porque non hai por onde



collelo ides valorar un servizo que non fai falta, con 5 puntos si vai 5 días a semanas recoller embases lixeiros tiene pelotas perdonando a expresión.

Sra alcaldesa: se le va la vida en este punto

Sr Domínguez García: si vaime a vida, debialle ir a Vde tamén porque e mais importante do que lle parece.

Sra alcaldesa: para usted importantísimo

Sr Domínguez García: no me faga insinuacións que estou cansado das súas insinuacións si ten algo que decir o diga xa está ben, tanto insinuación e tanto rolo, que se me vai a vida pois claro que se me vai a vida.

Sr Domínguez Louro: eu creo que vimos de aprobar algo que o mellor non é tan importante como estamos a tratar pero sí importante para o que se vai facer nos proximo ano o POS, expuxen nel que o BNG non está de acordo na totalidade pero valorou en boa medida e favorablemente o esforzo de todos en chegar a un acordo en dúas comisións, coincidimos en moitas cousas e limando asperezas e saíu aprobado por unanimidade, o tema este é suficientemente importante como para intentar limar asperezas, non vai haber unanimidade non porque nos vamos absternos porque non cremos nas privatizacións e mentras non se nos demostre que saen mellor para a cidadanía e mais baratas, eu sinceramente tamén se sorprende que este punto viñera no pleno directamente, tería convocado unha comisión para tratalo, chegado a este punto que non hai volta atrás e en aras de chegar a un acordo pido que se deixe este punto enriba da mesa e se convoque unha comisión e se leve a Pleno antes posible creo que nesa comisión poderemos entender mais o que propuxo o Sr Domínguez porque é imposible entender todo o que dixo, el sabeo non que se explique mal pero difícil de asimilar en pouco tempo, sentémonos é unha forma de falar, creo que o ten facil porque se están brindando votar a favor e nos absternos, pídolle que en aras de non seguir discutindo que o final non vamos entendernos, que lle demos unha semana tampouco se nos vai ir a vida nunha semana, esa é a proposta nosa en aras de seguir co pleno e darlle unha solución facil e breve a este problema porque senón vamos seguir discutindo e non nos vamos entender e mandándonos por escrito o dito polo Sr Domínguez e chegar a comisión con eso claro igual sae un acordo, humilde opinión.

Sra alcaldesa: Sr Domínguez Louro, hubo 4 comisiones para tratar el tema de la gestión de residuos este asunto lo llevó directamente Ruben que le dará la palabra, 4 comisiones que se han introducido todas las modificaciones de Bng e Independientes, todas y el Pp las que se pudieron introducir, lo que propone el Sr Domínguez ya fue objeto de debate en dichas comisiones por el Sr Vigo en la última sesión plenaria mostró su conformidad con los pliegos y no con el técnico en la comisión el dictamen fue favorable no es necesario nueva comisión por nombrar nuevo técnico y así se considera tambien igualmente por los técnicos de este concello, por lo tanto se da por cumplidas por parte del gobierno las peticiones de IXcee en todos sus puntos, es cierto que va depender de la postura del Bng y Ciudadanos que fue abstención, que salga o no depende del PP e IXcee.

Sr Vigo: y del gobierno.

Sra alcaldesa: el gobierno evidentemente se da por hecho que va a votar a favor no creo que tenga que explicar eso.

Sr Dominguez Louro: non me refería a eso, que se convocaron 4 comisións como si hai que convocar outras 4 en aras de chegar a un acordo non pasa nada por convocalas, eu creo que con unha é suficiente para que o saque adiante, é amiña humilde opinión, creo que sería mellor así, valoreo Vde e faga o que vexa.

Sra alcaldesa da palabra o Sr Villar

Sr Villar: solo unha pregunta Sr Dominguez Louro, o da oferta económica 50-55 non lle sona de nada?, non se debatiu en ningunha comisión?

Sr Domínguez Louro: nas comisións falamos de moitas cousas.

Sr Villar: eso do 55-50 non o falamos?

Sr Domínguez Louro: pode ser que se falara non che vou dicir que non

Sr Villar: o falamos persoalmente



Sr Domínguez Louro: si, si, si, si estasme facendo un interrogatorio
Sr Villar: dimo porque é repetir o que xa estivemos falando, e non vamos sair mais disto, comisión, outra comisión, o que di o Sr Domínguez xa se tratou.
Sr Domínguez García: o dixo pero non se recolle e volves a puntuar con 5 puntos a un Sr que diga que vai recoller os envases lixeiros 5 días a semana.
Sr Villar: porque hai que meter un límite
Sr Domínguez García: si os envases lixeiros dixo que chegaba un día o que mais me gusta é que a alcaldesa pretende que vote os presupostos e non me permite que introduza nada en ningún sitio, o PP vai votar os presupostos por responsabilidade pero cando lle toca ela por favor, eso que ten minoría, dios nos aparte que está en maioría, apaga e vamonos, teremos que estar aqui ca buceira posta na boca
Sr Villar que sometemos a votación, la enmienda?
Sra alcaldesa: la enmienda no, el punto, la enmienda no se cumplen los requisitos legales no esta justificada y el propio Sr Domínguez García reconoce que es una modificación sustancial, si el propio Sr Domínguez lo reconoce.
Sr Domínguez García: Claro que é sustancial.
Sra alcaldesa: voy a ser mas clara, lo que usted envió y que es lo mismo que dijo en las comisiones ya fue estudiado por secretaría e intervención y el informe que van a emitir sería en contra, quiere que sea mas clara?
Sr Domínguez García: que emitan el informe
Sra alcaldesa: sometemos a votación, y vote lo que considere Sr Domínguez pero que sepa que el informe va a ser en contra.
Sr Domínguez García: cada vez entendo menos, non permitades esto que teña que convocar unha comisión.
Sra alcaldesa: usted piensa que sigue siendo el alcalde y no lo es.
Sr Domínguez García: usted cree que ten maioría e non a ten, ten que contar co resto dos grupos para gobernar.
Sra alcaldesa: ya cuento
Sr Domínguez García: no cuenta con nadie.
Sra alcaldesa: fueron debatidas en 4 comisiones, introduciendo los puntos que se podían introducir.
Sr Domínguez García: se puede introducir un pliego de corta pega que non hai onde collelo é mellor unha subasta pura e dura.

-----VOTACIÓN-----

Sométese á votación o Ditame e non resulta aprobado por 4 votos a favor do grupo político PSOE, 6 votos en contra dos grupos políticos PP e IXCee e 3 abstencións dos grupos políticos BNG e Grupo Mixto.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E EMPREGO

11. Proposta da alcaldía relativa a Modificación da RPTPL do Concello de Cee consecuencia de sentenzas declarando persoal laboral indefinido non fixo. Expediente N° 2020/C002/000033.

Considerando o seguinte:

Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Presidencia, Benestar Social, Igualdade e Emprego o día luns 25 de xaneiro de 2021 emitíuse o seguinte **DITAME**:

"2. Proposta da alcaldía relativa a Modificación da RPTPL do Concello de Cee consecuencia de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



sentenzas declarando persoal laboral indefinido non fixo. Expediente Nº 2020/C002/000033.

Considerando a seguinte:

“PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: MODIFICACIÓN RPT DO CONCELLO DE CEE CONSECUENCIA DE SENTENZAS DECLARANDO PERSOAL LABORAL INDEFINIDO NON FIXO.

EXPEDIENTE Nº: 2020/C002/000033.

Considerando que por sentenza de 30 de xaneiro de 2020 do Xulgado do Social nº 5 da Coruña, estimou a demanda formulada por D. Teodomiro Lamela Rodeiro declarando a súa condición de persoal laboral indefinido non fixo do Concello de Cee. Os termos precisos do fallo son os que a seguir se reproducen:

“Que debo ESTIMAR y ESTIMO la demanda interpuesta por D. Teodomiro Lamela Rodeiro, contra el Ayuntamiento de Cee, y en consecuencia debo declarar y declaro que D. Teodomiro Lamela Rodeiro, ostentan la condición de personal laboral indefinido no fijo de la citada entidad Local, Ayuntamiento de Cee, desde el 7 de noviembre de 2.001, y con el salario que corresponda”.

Ao non se ter interposto ningún recurso dentro do prazo previsto ao efecto, a referida sentenza virou firme en data 16 de xuño de 2020.

Por sentenza da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 24 de novembro de 2017, confirmatoria da ditada polo Xulgado do Social nº 2 da Coruña o día 13 de decembro de 2016 que estimou parcialmente a demanda formulada por Dona María Concepción Millán Calenti, esta traballadora adquiriu a condición de persoal laboral indefinido no fixo do Concello de Cee. Os termos precisos do fallo son os que a seguir se reproducen:

“Que, estimando en parte la demanda interpuesta por MARIA CONCEPCIÓN MILLAN CALENTI contra el CONCELLO DE CEE, debo declarar y declaro la relación laboral indefinida de la actora con antigüedad desde el día 1-10-04, con la categoría de licenciada, realizando funciones de directora y psicóloga del Centro de Información a la Mujer, condenando al demandado a estar y pasar por tal declaración, y absolviendo a esta entidad de los restantes pedimentos de la demanda”.

Por sentenza de data 29 de setembro de 2020, o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 4 da Coruña estimou o recurso interposto por Dona María Concepción Millán Calenti condenando, na súa virtude, o Concello de Cee a realizar unha valoración do posto de traballo ocupado pola demandante a fin de fixar con exactitude as funcións a desenvolver e os complementos retributivos correspondentes, modificando a tal fin a Relación de Postos de Traballo (RPT). Os termos precisos do fallo son os que a seguir se reproducen:

“Estimo el recurso contencioso administrativo interpuesto por Doña María Concepción Millán Calenti (...) y, por ello, se acuerda, que por la Administración demandada debe realizarse la oportuna valoración del puesto de trabajo a fin de fijar con exactitud las funciones a desarrollar, así como determinar la estructura retributiva con los correspondientes complementos, con los demás requisitos legales exigibles”.

Pola súa parte, o artigo 28 da Lei de Emprego Público de Galicia (LEPG) dispón nas súas tres primeiras aíneas que:

“1. As relacións de postos de traballo serán obxecto das modificacións necesarias para axustalas á creación de postos derivados de sentenzas xudiciais firmes que recoñezan situacións laborais de carácter indefinido, cando a persoa afectada non poida ser adscrita a un posto de traballo vacante. A proposta de modificación da relación de postos de traballo deberá efectuarse no prazo máximo de tres meses, contados a partir da data da firmeza da sentenza xudicial.



2. Os postos de traballo creados en aplicación do previsto neste artigo incluíranse nas correspondentes relacións de postos de traballo como postos de persoal funcionario ou, excepcionalmente, de persoal laboral cando a natureza das súas funcións así o requira, e incorporaranse á oferta de emprego público, a non ser que se dispoña a súa amortización.

3. Unha vez modificada a relación de postos de traballo, a persoa afectada será adscrita ao posto de nova creación”.

En consecuencia, o Concello de Cee está obrigado a modificar a súa RPT a fin de crear os postos de traballo ocupados na actualidade por Don Teodomiro Lamela Rodeiro e Dona María Concepción Millán Calenti, ao non haber ningunha vacante á que puidesen ser adscritos estes traballadores.

Vista a PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE CEE, con NRE 202099900001383 de data 21.12.2020, elaborada por D. Carlos Aymerich Cano, consecuencia do contrato asinado coa Universidade da Coruña.

Á vista do exposto e en uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO** ao **PLENO** da **CORPORACIÓN**, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación da RPT de persoal laboral creando o servizo de Igualdade (código 05.03) dentro da Área de Benestar Social e Igualdade (código 05).

SEGUNDO. Crear os seguintes postos de traballo:

- Dirección do CIM – Psicólogo/a do CIM, co código 05.03.01, e a natureza, categoría, funcións, retribucións e forma de provisión que se indican na ficha anexa.
- Responsábel da Casa da Cultura de Ameixenda, co código 06.01.02, e a natureza, categoría, funcións, retribucións e forma de provisión que se indican na ficha anexa.

TERCEIRO. Someter a información pública, polo prazo de 20 días hábiles, as modificacións inicialmente aprobadas, mediante anuncio que se inserirá no BOP e na sede electrónica do Concello. As alegacións que poidan formularse durante o dito prazo serán resolvidas expresamente polo Pleno. En caso de non formularse alegacións entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo adoptado

Axúntanse a presente proposta as fichas correspondentes.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán.

ANEXO I – FICHAS

| DENOMINACIÓN DO POSTO | DIRECCIÓN-ASESORAMENTO PSICOLÓXICO CIM |
|--|--|
| FUNCIÓNS PRINCIPAIS: 1. Dirección do CIM: as establecidas no artigo 11 do Decreto 130/2016, de 15 de setembro. 2. Asesoramento psicolóxico: as establecidas no artigo 12 do Decreto 130/2016, de 15 de setembro 3. Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra. | |



| | | | |
|---|-------|---|----------|
| POSTOS HOMOXÉNEOS | 1 (S) | CÓDIGO | 05.03.01 |
| REQUISITOS: Licenciatura ou grao en Psicoloxía | | PRAZAS DE PLANTILLA QUE PODEN OCUPALO | |
| | | LABORAL | |
| GRUPO/SUBGRUPO | | L I | |
| FORMA DE PROVISIÓN | | CONCURSO | |
| SOLDO BÁSICO | | 14.442,72 | |
| PLUS DE CONVENIO | | 9.092,64 | |
| OBSERVACIÓNS | | A.L. (a ser provisto por persoal do Concello de Cee) Adscrita ao posto contratada laboral indefinida non fixa (Sentenza da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 24 de novembro de 2017, confirmatoria da ditada polo Xulgado do Social nº 2 da Coruña o día 13 de decembro de 2016) | |

| | |
|---|--|
| DENOMINACIÓN DO POSTO | RESPONSÁBEL CASA DA CULTURA DE AMEIXENDA |
| FUNCÍONS PRINCIPAIS: 1. Responsábel das diferentes salas que hai na Casa de Cultura de Ameixenda; Sala de Audiovisual, Sala de Xogos, Salón de Actos, Axencia de Lectura. Na Axencia de Lectura de Brens; Centro de Teleformación e Axencia de Lectura. 2. Realización de actividades para a promoción da lectura entre os máis cativos, contos, xogos educativos. lecturas compartidas. 3. Colaboración permanente coa escola unitaria C.E.I.P. da Igrexa en Brens.(Visitas guiadas e realízase unha actividade semanal na Axencia de Lectura de Brens durante todo o curso escolar). 4. Programación de actividades, tanto no verán coma no Nadal, con motivo das semanas culturais que se levan a cabo na Ameixenda. 5. Apertura e peche das instalacións da Casa de Cultura de Ameixenda e da Axencia de Lectura de Brens. 6. As demais establecidas no artigo 20 da Lei 5/2012, do 15 de xuño, de Bibliotecas de Galicia. 7. Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra. | |



| | | | |
|---|-------|---|----------|
| POSTOS HOMOXÉNEOS | 1 (S) | CÓDIGO | 06.01.02 |
| REQUISITOS: Graduado en ESO ou equivalente | | PRAZAS DE PLANTILLA QUE PODEN OCUPALO | |
| | | LABORAL | |
| GRUPO/SUBGRUPO | | L IV | |
| FORMA DE PROVISIÓN | | CONCURSO | |
| SOLDO BÁSICO | | 9.089,4 | |
| PLUS DE CONVENIO | | 7.449,12 | |
| PLUS DE DISPOÑIBILIDADE | | 1.208,04 | |
| OBSERVACIÓNS | | A.L. (a ser provisto por persoal do Concello de Cee) Xornada de 20 horas semanais de luns a venres Adscrito ao posto contratado laboral indefinido non fixo (Sentenza de 30 de xaneiro de 2020 do Xulgado do Social nº 5 da Coruña) | |

Sométese á votación a proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 1 abstención do grupo municipal BNG e 7 votos a favor dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.”

-----INTERVENCIONS-----

Intervén a Sra alcaldesa: xa foi debatido a proposta é crear o posto da directora do Cim e do encargado da Casa da Cultura de Ameixenda e Brens a raíz de sentenzas xudiciais

Sr Vigo: simplemente manifiestar que vamos votar a favor como na comisión pero que entenderiamos que debería aproveitar a circunstancia e incluír dous posto de traballo que levan moitos anos no concello da area de servizos sociais como é a coordinadora do centro social e a educadora familiar porque debe ser de plantilla e non empresa externa para continuar coa subvención.

Sra alcaldesa: de carácter obligatorio para inclusión en la RPT son las declaradas por sentencia judicial de carácter indefinido non fijo de ahí que traigamos esto porque no está sujeto a tasa de reposición ese es el motivo, lo que si le digo, desde sobre todo la directora del Cim fue en su legislatura que la declararon indefinida y pasaron bastantes años no se cual fue el motivo de tanto retraso.

Sr Vigo: porque se pretendía un cambio mas profundo en la RPT porque lo necesita aunque fui el protagonista de la que hay, y la necesita en profundidad por muchos y variados motivos, ahora que se da esta circunstancia y que es un área que afecta a servicios sociales, y nos consta que un puesto



tenemos problemas por el servicio externo que presta la empresa, si hay dificultades legales pues nada mi voto no va a variar por eso.

Sra alcaldesa: en todo caso como dije en la mesa negociadora a lo largo de este año si se va hacer un estudio respecto a todos los trabajadores del concello.

Sr Domínguez Louro: nos vamos votar a favor hai unha sentenza co cal para nos non pasa mais que votar a favor, e Vde acaba de decir que está disposta a negociar para toda a Rpt porque cremos que é necesario corrixir discriminacións salariais existentes...sin sonido...entendemos que os demais deberían estar incluídos, acaba de expoñelo o Sr Vigo e no persoal funcionario haberá que facer unha valoración xusta dos postos de traballo nos que por poñer un exemplo a policía local ten o mesmo plus de perigosidade que un auxiliar administrativo, haberá que darlle unha volta a todo iso, chamounos a atención eso que ven na documentación sobre o posto de traballo responsable Casa Cultura de Ameixenda, porque a sensación que tiñamos era unha persoa que abría e pechaba e vemos que as funcións principais son responsable das diferentes aulas, promoción lectura, xogos educativos, colaboración permanente, visitas guiadas, programación de actividades de nadal verán e semana cultural e as establecidas para súa capacitación e bibliotecas, xa que hai un posto de traballo de tal magnitude, non falo do traballador, senón dos posto, que deixa de ser unha persoa que abría e pechaba, a ser un técnico de cultura, entendemos dende o BNG que se debe de dotar de contido ese posto de traballo e dende a concellería de cultura deben darse todas as posibilidades e funcións para adiante hai moitas cousas que enumerei que non se están recollendo si non é así gustaríame que mo dixerá, ademais poñemos enriba da mesa a situación da biblioteca onde hai unha persoa que fai o seu traballo e cumpre co horario pero non se adapta as necesidades do estudantado universitario que necesita outros horarios e sería bo repensar e darlle unha volta a este posto e ver si sería compatible para usar este posto para ampliar o horario de biblioteca e o estudantado poda acudir os fins de semana. A min chocame porque conozo outras realidades doutros concellos e queixanse do contrario que non teñen persoal nin infraestruturas, aquí temos e temos o persoal e debemos a consellería de cultura debe exprimir ese posto de traballo.

Sra alcaldesa: simplemente decir que por parte do encargado da Casa da Cultura de Ameixenda e Brens, as funcións son as recoñecidas na sentenza xudicial, nestes intreos como consecuencia do peche das bibliotecas polo covid Teo, en concreto está na biblioteca agora, estes días, traballando con Mon na biblioteca de Cee, catalogando unha serie de libre e traballando de forma conxunta e cando se ten que substituir Teo substitúe a Mon en vacacións, asuntos etc hai unha colaboración entre ambos.

Sr Dominguez Louro: eu xa o sei por uexa teño visto a ese traballador na biblioteca supoño que hai unha necesidade por parte da xente que o pido e que se estude sobre todo estas responsabilidades que se atribúen a este posto de traballo sería bo que se dotara de contido para que el vexa reflexo do seu traballo mais do que se pode estar vendo ata agora.

-----VOTACIÓN-----

Sométese á votación o Ditame e resulta aprobado por unanimidades dos concelleiros/as da Corporación.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO E SEGUIMIENTO DO PXOM

12. Proposta da Alcaldía relativa a: Levantamento da suspensión decretada polo Pleno da Corporación en data 27.11.2020, desestimación alegacións, declaración de nulidade Convenio urbanístico aprobado polo Pleno da Corporación en sesión do 30 de maio de 2002 e asinado o 10 de xuño de 2002, indemnización, requirimento devolución/reintegro da contía de 153.402,33 € ao Arcebispado de Santiago de Compostela. EXPEDIENTE Nº:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



2020/X999/000123

Considerando o seguinte:

Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Urbanismo e seguimento do PXOM o día luns 25 de xaneiro de 2021 emitíuse o seguinte **DITAME**:

"2. Proposta da Alcaldía relativa a: Levantamento da suspensión decretada polo Pleno da Corporación en data 27.11.2020, desestimación alegacións, declaración de nulidade Convenio urbanístico aprobado polo Pleno da Corporación en sesión do 30 de maio de 2002 e asinado o 10 de xuño de 2002, indemnización, requirimento devolución/reintegro da contía de 153.402,33 € ao Arcebispado de Santiago de Compostela. EXPEDIENTE Nº: 2020/X999/000123

Considerando a seguinte:

"PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: Levantamento da suspensión decretada polo Pleno da Corporación en data 27.11.2020, desestimación alegacións, declaración de nulidade Convenio urbanístico aprobado polo Pleno da Corporación en sesión do 30 de maio de 2002 e asinado o 10 de xuño de 2002, indemnización, requirimento devolución/reintegro da contía de 153.402,33 € ao Arcebispado de Santiago de Compostela.

EXPEDIENTE Nº: 2020/X999/000123

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, Considerando que o Pleno da Corporación, en sesión celebrada o 27 de novembro de 2020, adoptou o acordo que de seguido se transcribe e notificado no seu día aos interesados no procedemento:

"DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO E SEGUIMENTO DO PXOM

5. Proposta da alcaldía relativa á Desestimación alegacións, declaración de nulidade Convenio urbanístico aprobado polo Pleno da Corporación en sesión do 30 de maio de 2002 e asinado o 10 de xuño de 2002, indemnización, remisión expediente para Ditame ao CCGA e suspensión de prazo máximo legal para resolver. EXPEDIENTE Nº: 2020/X999/000123

Considerando o seguinte:

"Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Urbanismo e seguimento do PXOM o día luns 23 de novembro de 2020 emitíuse o seguinte **DITAME**:

"2.Proposta da alcaldía relativa á Desestimación alegacións, declaración de nulidade Convenio urbanístico aprobado polo Pleno da Corporación en sesión do 30 de maio de 2002 e asinado o 10 de xuño de 2002, indemnización, remisión expediente para Ditame ao CCGA e suspensión de prazo máximo legal para resolver. EXPEDIENTE Nº: 2020/X999/000123

Considerando a seguinte:

"PROPOSTA ALCALDÍA

EXPEDIENTE Nº: 2020/X999/000123.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



ASUNTO: Desestimación alegacións, declaración de nulidade Convenio urbanístico aprobado polo Pleno da Corporación en sesión do 30 de maio de 2002 e asinado o 10 de xuño de 2002, indemnización, remisión expediente para Ditame ao CCGA e suspensión de prazo máximo legal para resolver.

Considerando que o Pleno da Corporación, en sesión celebrada o 29 de setembro de 2020, adoptou o seguinte ACORDO:

“PRIMEIRO. Iniciar procedemento para a revisión de oficio do acto: Convenio urbanístico aprobado polo Pleno da Corporación en sesión do 30 de maio de 2002 e asinado o 10 de xuño de 2002 entre o Arzobispado de Santiago de Compostela e o Alcalde do Concello de Cee, en representación do mesmo, por considerar que se atopa incurso nas seguintes causas de nulidade do artigo 47.1.c) e f) da Lei 39/2015 do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que se detallan:

c) Os que teñan un contido imposible.

f) Os actos expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para a súa adquisición.

SEGUNDO. Suspende ao amparo do artigo 108 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, a execución do acto administrativo impugnado, dado que a mesma podería causar prexuízos de difícil reparación, acreditados (Informe de Intervención de data 10 de setembro de 2020, transcrito na parte expositiva do presente acordo).

TERCEIRO. Como consecuencia do apartado anterior, adoptar/establecer como medida cautelar, a suspensión da execución do aval bancario polo importe de 153.402,33 euros, en base aos mesmos motivos que xustifican a suspensión do acto administrativo impugnado (polos prexuízos de difícil reparación acreditados- Informe de Intervención de data 10 de setembro de 2020)

CUARTO.-De conformidade cos informes emitidos polo Arquitecto Municipal, relativos á taxación dos bens, o valor da finca cedida polo Arcebispado o Concello de Cee, no momento da cesión é de 53.295 € e a valoración da finca restante do Arcebispado con anterioridade á sinatura do convenio asinado entre o Arcebispado de Santiago de Compostela e Alcaldía do Concello de Cee o 14.06.2001 e consecuente modificación puntual, era de 52.006,94 €, apréciase un incremento do valor de 25.693,26 €. En consecuencia, arroxa, a priori, en concepto de saldo resultante da liquidación do Convenio a cantidade de 27.601,74 euros, a favor do Arcebispado.”

Resultando que obran alegacións e escritos presentados, á vista do informe emitido polo encargado do Rexistro da Corporación, en concreto:

- Escrito de alegacións de D. José Antonio Montero Vilar en representación do Arcebispado presentado o 21.10.2020 (RE 202090000001244, 202090000001245, 202090000001246, 202090000001247, 202090000001248, 202090000001249, 202090000001250 e 202090000001251).
- Escrito de ABANCA de data 6.10.2020 relativo á solicitude ao Concello de Cee de depósito para efectuar pago de aval.
- Escrito de ABANCA de data 8.10.2020 relativo a requirimento de pago ao Concello de Cee.

Visto o informe emitido polo Arquitecto Municipal, en data 9 de novembro de 2020, do seguinte tenor literal:



"INFORME TÉCNICO ACERCA DO ESCRITO DE ALEGACIÓNS DO ARCEBISPADO

Expte.: 2020/X999/000123

PERSOA SOLICITANTE

Concello de Cee

ANTECEDENTES

- Copia do texto do convenio asinado entre D. José Vidal Rey en calidade de Ecónomo Diocesano do Arzobispado de Santiago de Compostela e D. José Antonio Domínguez García, alcalde-presidente do Concello de Cee do 14.06.2001.

- Copia do texto do convenio asinado entre D. José Vidal Rey en calidade de Ecónomo Diocesano do Arzobispado de Santiago de Compostela e D. José Antonio Domínguez García, alcalde-presidente do Concello de Cee do 10.06.2002.

- Providencia da Alcaldía do Concello de Cee do 12.09.2019 ao arquitecto municipal solicitando o seguinte:

"Informe preceptivo para levar a cabo a segregación de la finca de 3.740 m² de la finca de Brens y para la modificación puntual de la normativa urbanística, a la que se refiere el citado convenio, con indicación de los trámites del procedimiento y plazos de ejecución."

- Informe técnico sobre a Oportunidade da modificación puntual das NSPM de Cee nos terreos do Pavillón de Brens á vista do Convenio entre o Arcebispado de Santiago de Compostela e o Concello de Cee do 10.06.2002, planos 01 e 02 anexos e informes de valoración das parcelas de cesión e do resto matriz do 15.09.2020.

- Informe da Secretaría municipal do 17.09.2020

- Acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal do Concello de Cee, na sesión extraordinaria e urxente, celebrada o 29.09.2020, do inicio do procedemento de revisión de oficio do Convenio urbanístico asinado o 10.06.2002 e aprobado polo Pleno da Corporación na sesión do 30.05.2002.

-Escrito de alegacións de D. José Antonio Montero Vilar en representación do Arcebispado presentado o 21.10.2020 (RE 202090000001244, 202090000001245, 202090000001246, 202090000001247, 202090000001248, 202090000001249, 202090000001250 e 202090000001251).

NORMATIVA APLICABLE

- Revisión das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal do Concello de Cee, aprobadas definitivamente pola Comisión Provincial de Urbanismo da Coruña na sesión do 23/02/1995 e incluídas as correccións segundo acordo do Pleno na sesión do 31/03/1995; na súa vixente redacción, en adiante NSPM.

- Modificación puntual das NSPM aprobada definitivamente o 27.12.2001 (BOP núm. 54 do 6.3.2002)

- Lei 1/1997, do 24 de marzo, do solo de Galicia.

- Real decreto 7/2015 polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana, en adiante TRLS

- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, publicada no Diario Oficial de Galicia número 34 de 19 de febreiro de 2016, en adiante LSG.

- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG.

- As demais normas non aquí transcritas que sexan de aplicación, nomeadamente a lexislación vixente sobre o réxime do solo e a ordenación urbana.

INFORME

O escrito de alegacións formulado polo avogado D. José Antonio Montero Vilar en representación do Arcebispado do Concello de Santiago, consta das 6 alegacións seguintes:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



- Primeira, “sobre los antecedentes de la situación planteada”
- Segunda, “sobre la naturaleza del convenio de 10 de junio de 2002 aprobado por el pleno de 30 de mayo de 2002”
- Tercera, “sobre la falta de presupuestos para el inicio del procedimiento de revisión de oficio.”
- Cuarta, “sobre la concurrencia de causas que impiden el inicio del procedimiento.”
- Quinta, “sobre la improcedencia de la suspensión del acto administrativo y de la extensión de efectos al aval otorgado.”
- Sexta, “sobre los efectos de la declaración de nulidad y la indemnización reconocida a mi mandante”

A continuación analízanse as cuestións de tipo técnico-urbanístico que o alegante plantexa:

1 Primeira alegación: “sobre los antecedentes de la situación planteada”

Comenza relatando en detalle os antecedentes da sinatura do Convenio asinado entre D. José Vidal Rey en calidade de Ecónomo Diocesano do Arcebispado de Santiago de Compostela e D. José Antonio Domínguez García, alcalde-presidente do Concello de Cee do 14.06.2001. A continuación, expón os antecedentes da sinatura do Convenio do 10.06.2002, obxecto deste expediente, así como das súas renovacións producidas entre os anos 2003 e 2019.

Continúa afirmando que o inicio da revisión de oficio do dito convenio do 10.06.2002 está sustentada en informes técnicos, xurídicos e económicos elaborados “ad hoc” xa que ano tras ano a renovación do convenio produciuse estando xa á fronte dos servizos técnicos e xurídicos as mesmas persoas que firmaron os informes que plantexan a nulidade do conveniado.

Como funcionario que suscribo este informe e o do 15.09.2020, manifesto que tomei posesión do posto o día 13.06.2019 e o primeiro informe técnico que efectuei sobre o dito Convenio foi o do 15.09.2020 que consta no expediente.

A día de hoxe non coñezo a existencia de ningún informe técnico municipal que avaliara se a Modificación puntual aprobada o 27.12.2001 daba cumprimento ao Convenio do 14.06.2001 e, polo tanto, que motivara a necesidade da sinatura do Convenio do 10.06.2002 e as súas prórrogas. De feito, á vista da acta do Pleno do 30.05.2002 (documento núm. 19) a decisión sobre a necesidade de asinar este Convenio parece estar unicamente baseada nas demandas do Arcebispado. O único informe técnico que aprecia este suposto incumprimento do Convenio do 14.06.2001 é o do arquitecto do Arcebispado, D. Carlos Rosón Gasalla (documento num. 18).

A continuación transcríbense os motivos que se expoñen no dito informe técnico do Sr. Rosón:

“(…) A la vista de la documentación aportada cabe efectuar las siguientes puntualizaciones:

A.- La superficie de terrenos que quedarán en propiedad de la Iglesia Católica una vez cedida la parcela para construcción de un polideportivo no se corresponde con lo que figura en la parte gráfica del documento suscrito entre ambas instituciones con fecha 14.06.2001. Concretamente, en la zona más próxima al casco urbano en lugar de disponer de un ancho de 23m figura en la documentación gráfica aportada con un ancho de 7m.

B.- No se ha procedido a dotar a la totalidad de los solares que quedan en poder del Arzobispado de Santiago de Compostela de todos los servicios urbanísticos necesarios, hasta completar los que tienen en la actualidad, tal y como establece la estipulación 2.2. Simplemente aparece en el expediente un informe de la Alcaldía relativo a consignación de crédito presupuestario, pero que no es lo que se establece en la referida estipulación 2.2 ni en la estipulación 3.

En consecuencia, se informa desfavorablemente la cesión de terrenos solicitada al haberse incumplido las estipulaciones del documento de referencia. (…)”

- Análise da cuestión indicada na letra A:

Maniféstase que a superficie dos terreos que quedan en propiedade da Igrexa en ordenanza 5 non se corresponde coa que figura na parte gráfica do Convenio suscrito entre ambas institucións o



14.06.2001. Indícase que na parte máis próxima ao casco urbano o largo da zona en ordenanza 5 resulta ser de 7m en lugar de 23m.

Como xa se analizou no informe técnico do 15.09.2020, a edificabilidade en ordenanza 5 proposta no plano do Convenio sufriu unha diminución vista a ordenación contida na Modificación puntual vixente. Sen embargo, no informe do Sr. Rosón (documento num. 18) non se inclúe ningunha motivación sobre as causas que puideron ocasionar esas diferenzas na ordenación.

Trala análise do réxime urbanístico en vigor no momento da aprobación da modificación puntual, a materialización ao 100% da ordenación contida na parte gráfica do Convenio do 2001 houbera implicado recualificar non só terreos da parcela do Arcebispado cualificados coa ordenanza 11, tal e como así se indica no texto do Convenio - "2.1 Modificar la calificación de los terrenos que quedan en poder del Arzobispado de Santiago de Compostela, **pasando de estar afectados estos por ordenanza 11**, regulada en el artículo 90 del documento de Planeamiento Municipal, **a resultarles de aplicación la ordenanza núm. 5 (...)**" - senón que afectaría tamén a terreos coa ordenanza 6 - "Extensión casco cidade xardín" - e coa ordenanza 10 "zona verde".

A inclusión da recualificación destes terreos en ordenanzas 6 e 10 - os cales están moi afastados dalgúns servizos básicos como son as redes de abastecemento de auga e saneamento - para a súa posterior e inmediata consideración como soares entendo que non era posible, xa que se trata de terreos que debían clasificarse como solo urbano non consolidado e que, por tanto, a súa transformación en soares debía pasar pola inclusión nunha unidade de actuación ou área de reparto de beneficios e cargas. O punto 1 referente ao Título II (réxime urbanístico do solo) da Xustificación e Principios inspiradores da Lei 1/1997 do solo de Galicia introducía a seguinte definición do solo urbano consolidado: "É o solo no que se culminou o proceso da súa conversión en urbano, aínda que non se edificase. Normalmente este solo terá a cualificación xurídica de soar, aínda que non cabe excluír desta categoría de solo parcelas nas que aínda deba efectuarse algunha obra parcial de urbanización para acadar aquela cualificación mediante simples proxectos de obras." A execución dunha rede de saneamento de máis de 50m dificilmente pode considerarse unha obra parcial de urbanización, sobre todo se consideramos que eses predios tampouco contan coa beiravía executada de acordo coa aliñación oficial, nin con rede de abastecemento de auga e, ademais, as redes de enerxía eléctrica e alumeado, son aéreas.

Un segundo condicionante de relevancia era que a modificación pretendida polo Convenio do 2002 implicaba unha redución de terreos cualificados como zonas verdes. Non se trataba unicamente de compensar a diminución de superficie de terreos en ordenanza 11 (zona recreativa-deportiva) co incremento de terreos desta cualificación noutra zona do solo urbano de Cee, como así se produciu na modificación puntual aprobada, senón que se afectaría a unha ordenanza, a 10 - zonas verdes - á que as NSPM outorgan un tratamento de solo dotacional público a obter polo Concello, tal e como se desprende do seu art. 89: "As zonas verdes de públicas serán de uso público e estarán axardinadas. **As zonas verdes de titularidade privada no intre de entrada en vigor distas normas se iran adquirindo polo Concello progresivamente no transcurso do tempo, ben por cesión gratuíta condicionada á obtención de licencias de edificación, ben por expropiación por razón de urbanismo.**"

As zonas verdes xa eran consideradas pola Lei 1/1997 como parte da **estrutura xeral e orgánica do territorio municipal** e que debía ser definida polo PXOM dentro das súas determinacións xerais: "Artigo 10. Determinacións xerais. (...) c) Estructura xeral e orgánica do territorio, que estará integrada polos elementos determinantes do desenvolvemento urbano e, en particular, polos sistemas xerais de comunicación e as súas zonas de protección, **de espazos libres destinados a parques e zonas verdes públicas**, en proporción non inferior a 5 metros cadrados por habitante, de equipamento comunitario e infraestructuras e polo sistema de núcleos de poboación. (...)"



Neste caso, esta parte dos terreos do Arcebispado cualificada coa ordenanza 10 forma parte dun ámbito maior que se prolonga en dirección este, tal e como se aprecia no plano A3/21 das NSPM do que a continuación se mostra un extracto:



Plano A3/21 das NSPM de Cee onde se aprecia na parte central o ámbito proxectado de zona verde en ordenanza 10

Cómpre tamén mencionar que a modificación de terreos de zonas verdes que forman parte da estrutura xeral e orgánica do territorio pode constituír un suposto de alteración do planeamento máis característico dunha revisión do planeamento que dunha modificación puntual del, tal e como se aprecia no art. 49.2 da Lei 1/1997: “Enténdese por revisión do planeamento xeral a adopción de **novos criterios respecto da estrutura xeral e orgánica do territorio** ou da clasificación do solo, (...)”

Ademais, o artigo 51 da dita Lei indica que “Modificación de zonas verdes ou espazos libres. Se a modificación dos plans afectase o uso urbanístico das zonas verdes ou espazos libres previsto polo plan, deberá ser aprobada logo de informe favorable da **Comisión Superior de Urbanismo de Galicia.**”

En conclusión, entendo que foron as cuestións expostas as que motivaron que a entón Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda non aceptara a inclusión na Modificación puntual das NSPM doutos terreos diferentes aos cualificados coa ordenanza 11, circunscribíndose o ámbito da modificación ao indicado no texto do Convenio (á zona orixinaríamente en ordenanza 11), sen abranger todos os terreos representados no plano anexo.

- Análise da cuestión indicada na letra B:

A cláusula terceira do convenio incluía a obriga de que o Concello de Cee urbanizase a fronte dos soares propostos para a edificación residencial co fin de convertelos en soares edificables. Esta pretensión non é acorde co réxime urbanístico xa que, polo menos en parte, debían clasificarse como solo urbano non consolidado e era necesario establecer con antelación unha actuación integral.



Ademais, o art. 70 da Lei 1/1997 incluía como obriga dos propietarios do solo urbano: “ c) **Custea-la parte que les corresponda do importe da urbanización...**” Polo tanto, pretender asignar ao Concello a carga de urbanizar o fronte de parcelas dun particular vai en contra do expresado.

A continuación, a alegación refírese ao documento núm. 37 que é o informe emitido polo Sr. Rosón o 15.10.2020.

Neste informe indícase que era posible unha nova modificación do planeamento así como a urbanización, que o Concello executou o pavillón conforme co Convenio e, por iso, parte da parcela deste atópase dentro da ordenanza 6 e da ordenanza 10 e non se atopa a totalidade en ordenanza 11 como debería de ser. No punto 5º indícase que “o máis sinxelo e factible” houbera sido aprobar a modificación para resolver a situación de irregularidade urbanística do pavillón e dotar ao Arzobispado dos soares coas dimensións acordadas no Convenio.

O punto 7º refírese ao contido do informe técnico municipal do 15.09.2020 e indícase que os terreos do Arzobispado clasifícanse como solo urbano consolidado segundo o art. 65.1 da Lei 1/1997 xa que , de non ser así o equipo redactor debería ter incluído os terreos nunha unidade de execución. Ademais fai referencia a un informe do arquitecto técnico municipal do 1.04.2002.

A cuestión da situación urbanística do pavillón municipal entendo que é unha cuestión extrínseca ao fondo do asunto, que é a revisión de oficio do Convenio urbanístico aprobado polo Pleno da Corporación o 30.05.2002, sen prexuízo de que comprobada a realidade da edificación se desprenda a necesidade de incoar o expediente de reposición da legalidade urbanística logo dunha análise técnica detallada. Así e todo, resulta evidente que realizar unha modificación do planeamento co obxectivo de arranxar unha situación urbanística irregular, non é admisible.

Canto á clasificación como solo urbano consolidado dos terreos do Arcebisado, cómpre indicar que no informe técnico anterior non se pon en dúbida a dita cualificación nos terreos afectados pola Modificación puntual aprobada o 27.12.2001 e situados en ordenanza 11 no estado inicial, senón naqueles afectados polas ordenanzas 6 e 10 polos motivos antes desenvolto.

Sobre esta cuestión apórtase ademais un informe do arquitecto técnico municipal do 10.04.2002 no que os terreos se clasifican de forma xenérica como solo como urbano, indicando as ordenanzas que segundo as NSPM afectan aos terreos. Sen embargo, non se pronuncia sobre se o réxime aplicable segundo a disposición transitoria segunda da Lei 1/1997 é o de solo urbano consolidado ou non consolidado.

No punto 8º indícase que non é certo que a modificación pretendida supoña un incremento da intensidade do uso e do aproveitamento lucrativo e diminución dos terreos dotacionais xa que na propia modificación aprobada o 27.12.2001 se redistribuíron os novos usos e intensidades que foron outorgadas ao Arcebisado, tal e como se pode comprobar nos planos A3/12 e A3/13.

O punto 2 do artigo 50 da Lei 1/1997, o cal contén a regulación das modificacións dos plans indica que “(...) **cando a modificación tendese a incrementa-la intensidade do uso dunha zona, requirirase para aprobala a previsión dos maiores espazos libres, dotacións e equipamentos que requira a actuación proposta.**” Como se analiza no informe do 15.09.2020 a aceptación ao 100% do plano do Convenio supón a xeración dun incremento de aproveitamento lucrativo con respecto a ordenación en vigor e que mesmo afecta tamén a solos urbanos non consolidados (en ordenanza 6) e unha diminución das zonas verdes. Neste caso habería que modificar a disposición dun elemento da estrutura orgánica do territorio como é unha zona verde, algo que non foi necesario realizar na Modificación puntual aprobada o 27.12.2001, e tamén afectaría a terreos que para desenvolverse esixirían a delimitación dun ámbito de desenvolvemento integral.

En conclusión, por todo o referido anteriormente, entendo que se deben desestimar os argumentos técnicos contidos nesta alegación.

2 Segunda alegación “sobre la naturaleza del convenio de 10 de junio de 2002 aprobado por el pleno de 30 de mayo de 2002”

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Aínda que trata esencialmente de cuestións de tipo xurídico, entendo que dende o punto de vista técnico procede realizar a seguinte puntualización:

A sinatura do Convenio do 10.06.2002 baseouse na consideración de que a Modificación puntual aprobada o 27.12.2001 non deu cumprimento ao Convenio do 14.06.2001. O único informe técnico que, aparentemente, motiva esta idea non foi emitido pola administración, senón polo arquitecto Sr. Rosón e asinado o 26.04.2002 (documento num. 18). Os seus argumentos foron analizados con motivo da primeira alegación.

Da análise conxunta dos antecedentes entendo que a Modificación puntual das NSPM de Cee aprobada definitivamente o 27.12.2001 deu cumprimento ao obxectivo de recualificar terreos do Arzobispado en ordenanza 11 que pasaron a ordenanza 5 – se ben cunha configuración diferente e cunha superficie menor a da que figuraba no plano anexo ao Convenio -, acadándose desta maneira os obxectivos indicados no Convenio do 2001 que eran viables urbanisticamente. Se non se modificou a clasificación do solo da parte da parcela arcebispa en ordenanzas 10 e 6 e non se completou a urbanización da fronte dos soares que quedaron en ordenanza 5, entendo que foi porque non se considerou viable dende o punto de vista urbanístico, como xa se argumentou nos comentarios á primeira alegación.

3 Terceira alegación “sobre la falta de presupuestos para el inicio del procedimiento de revisión de oficio.”

Tamén abrangue cuestións de tipo xurídico. Porén, inclúense nela as seguintes ideas técnico-urbanísticas erradas:

- “O obxecto do Convenio do 2002 era emendar un erro cometido ao levar a cabo a Modificación puntual aprobada o 27.12.2001” (5º parágrafo da páx. 15). Como se motivou na resposta á alegación primeira non queda acreditado que a dita modificación non dera cumprimento ao Convenio inicial, segundo o permitido polo réxime urbanístico de aplicación.

- “No informe técnico do 15.09.2020 indícase que os terreos que foron obxecto da Modificación puntual aprobada o 27.12.2001 debían considerarse solo urbano non consolidado”. Isto non é así, xa que o informe técnico do 15.09.2020 non analiza a dita modificación puntual aprobada, senón aquela outra que se pretendía aprobar para dar cumprimento ao Convenio do 2002, que son os terreos en ordenanza 6 e 10. En ningún punto do informe se cuestiona que os terreos en ordenanza 11 que foron obxecto da Modificación puntual aprobada o 27.12.2001 non tiveran a clasificación de solo urbano consolidado.

4 Cuarta alegación “sobre la concurrencia de causas que impiden el inicio del procedimiento.”

Esta alegación é de tipo estritamente xurídico xa que abrangue unha serie de análises sobre conceptos xurídicos que poden afectar ás facultades de revisión de oficio.

5 Quinta alegación “sobre la improcedencia de la suspensión del acto administrativo y de la extensión de efectos al aval otorgado.”

Esta alegación é de tipo estritamente xurídico ao analizar se é procedente a suspensión dos efectos do acto que se considera nulo.

6 Sexta alegación “sobre los efectos de la declaración de nulidad y la indemnización reconocida a mi mandante”

Nesta alegación deféndese que a cantidade de 153.402,33 euros obxecto do aval constituído no Convenio do 2002 non pode ser substituída por ningunha outra compensación pola cesión da parcela de 3.740 m² ao Concello de Cee para a construción do pavillón. Ademais, razónase que debe deixarse sen efecto a cesión da dita parcela no procedemento de declaración de nulidade do Convenio do 2002.



Dende o punto de vista técnico débese resaltar que a indemnización de 153.402,33 euros acordada como garantía na cláusula 4ª do Convenio do 2002 non está motivada, xa que non consta a existencia de ningún informe técnico xustificativo da obtención da dita garantía.

Procedeuse a calcular a valoración da parcela do Arcebispado na sinatura do primeiro Convenio do 14.06.2001 e unha vez aprobada definitivamente a Modificación puntual das NSPM á que dou lugar e, por tanto, unha vez recualificados os terreos que estaban en ordenanza 11 e pasaron á ordenanza 5, co fin de determinar o incremento de valor que produciu a modificación na data da sinatura do segundo Convenio, o 10.06.2002.

Para elo, e en concordancia coa consideración da finalidade da valoración – de tipo urbanístico – empregouse o Real decreto 7/2015 polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana (TRLR), e o Regulamento de Valoracións que a desenvolve, aprobado polo Real decreto 1492/2011.

Esta normativa non é de tipo urbanístico e, en consecuencia, non considera as clasificacións e cualificacións do solo tal e como están definidas na normativa galega, senón o concepto de situacións básicas do solo (rural ou urbanizado).

Para a determinación do ámbito espacial homoxéneo empregáronse parcelas catastrais completas observando a situación maioritaria que correspondía a cada unha delas. A edificabilidade media ponderada foi obtida da análise da ordenación de partida e da ordenación final resultante da Modificación puntual aprobada o 27.12.2001. Neste método e como se pode ver nos informes de valoración, tívose en conta unicamente edificabilidades que proviñan de zonas de ordenanza non dotacionais (considerando como tales a ordenanza 10 e 11). Desta maneira o valor da edificabilidade media é aplicable a todas as parcelas, independentemente da súa clasificación. (Arts. 20 e 21 do Real decreto 1492/2011).

O presente informe contén a miña opinión, segundo o meu leal saber e entender, a cal someto a calquera outra mellor formada. Ten carácter exclusivamente técnico, sen prexuízo do que se formule en calquera outro informe ou requisito que se considere necesario para o axuste da actuación pretendida á legalidade vixente.

Cee, na data da sinatura dixital

O arquitecto,

Manuel Pueyo Varela.”

Visto o Informe-Proposta de Secretaría de data 16 de novembro de 2020, que literalmente di:

“Expediente núm.: 2020/X999/000123

Informe-Proposta de Secretaría

Procedemento: Revisión de Oficio Convenio urbanístico asinado o 10 de xuño de 202 e aprobado polo Pleno da Corporación en sesión do 30 de maio de 2002.

Natureza do informe: [] Borrador [] Provisional [x] Definitivo

Documento asinado por: A Secretaria

“INFORME-PROPOSTA DE SECRETARÍA

En cumprimento do establecido no artigo 3.3 a) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emito o seguinte, **INFORME-PROPOSTA:**

ANTECEDENTES DE RELEVANCIA

Copia do texto do convenio asinado entre D. José Vidal Rey en calidade de Ecónomo Diocesano do Arcebispado de Santiago de Compostela e D. José Antonio Domínguez García, alcalde-presidente do Concello de Cee do 14.06.2001.



Copia do texto do convenio asinado entre D. José Vidal Rey en calidade de Ecónomo Diocesano do Arzobispado de Santiago de Compostela e D. José Antonio Dominguez García, alcalde-presidente do Concello de Cee do 10.06.2002.

Certificados Plenarios relativos a renovación do Convenio (asinado o 10.06.2002 e aprobado en sesión plenaria o 30.05.2002) e aval bancario.

Informe de Intervención previo ao acordo plenarios citados anteriormente.

Informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal en data 10 de setembro de 2020.

Informe de secretaría emitido o 17.09.2020.

Acordo Plenario de data 29 de setembro de 2020.

Escrito de alegacións de D. José Antonio Montero Vilar en representación do Arcebispo presentado o 21.10.2020 (RE 202090000001244, 202090000001245, 202090000001246, 202090000001247, 202090000001248, 202090000001249, 202090000001250 e 202090000001251).

Escrito de ABANCA de data 6.10.2020 relativo á solicitude ao Concello de Cee de depósito para efectuar pago de aval.

Escrito de ABANCA de data 8.10.2020 relativo a requirimento de pago ao Concello de Cee.

Informe de secretaria acumulada de data 13.10.2020.

Informe de intervención de data 13.10.2020.

Informe da Deputación Provincial da Coruña de data 9.10.2020.

Informe emitido polo Arquitecto Municipal en data 9 de novembro de 2020.

Informe emitido polo encargado do Rexistro da Corporación.

Retención de crédito practicada polo Departamento de Intervención.

CUESTIÓN PRELIMINAR

Esta informante deixa constancia de que este informe limitase a cuestións xurídicas invocadas pola parte interesada, dado que as cuestións técnicas están informadas no informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal o 9 de novembro de 2020.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO. -A Lexislación aplicable é a seguinte:

— Os artigos 47.1, 106, 108 e 110 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

— Os artigos 4.1.g), 22.2.j) e k), 53, 63.1.b) e 110 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

— Os artigos 12.f) e 24.1 da Lei 3/2014, de 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia.

SEGUNDO.- As alegacións interpostas D. José Antonio Montero Vilar en representación do Arcebispo presentadas o 21.10.2020, versan sobre as seguintes cuestións, que serán analizadas nos apartados seguintes do presente informe:

- Primeira, “sobre los antecedentes de la situación planteada”

- Segunda, “sobre la naturaleza del convenio de 10 de junio de 2002 aprobado por el pleno de 30 de mayo de 2002”

- Tercera, “sobre la falta de presupuestos para el inicio del procedimiento de revisión de oficio.”

- Cuarta, “sobre la concurrencia de causas que impiden el inicio del procedimiento.”

- Quinta, “sobre la improcedencia de la suspensión del acto administrativo y de la extensión de efectos al aval otorgado.”

- Sexta, “sobre los efectos de la declaración de nulidad y la indemnización reconocida a mi mandante”

TERCEIRO.- “SOBRE LOS ANTECEDENTES DE LA SITUACIÓN PLANTEADA”



Nesta alegación a parte interesada procede a enumerar unha trintena de antecedentes, lidos os cales, asevera o interesado, por unha banda, que non se deu cumprimento ao Convenio asinado o 14.06.2001 e por outra limitase a verter acusacións ao persoal Corporativo e funcional de este Concello.

En relación ao primeiro aspecto, como indica o informe técnico municipal:

(...) A día de hoxe non coñezo a existencia de ningún informe técnico municipal que avaliara se a Modificación puntual aprobada o 27.12.2001 daba cumprimento ao Convenio do 14.06.2001 e, polo tanto, que motivara a necesidade da sinatura do Convenio do 10.06.2002 e as súas prórrogas. De feito, á vista da acta do Pleno do 30.05.2002 (documento núm. 19) a decisión sobre a necesidade de asinar este Convenio parece estar unicamente baseada nas demandas do Arcebispado. O único informe técnico que aprecia este suposto incumprimento do Convenio do 14.06.2001 é o do arquitecto do Arcebispado, D. Carlos Rosón Gasalla (documento num. 18).(...)

A maior abundamento, deixar constancia da transcripción sesgada e interesada da sesión plenaria que consta nas alegacións que se someten a informe, dado que estas forman parte do debate de dita sesión entre os concelleiros/as asistentes, onde constan afirmacións no senso indicado na primeira alegación pero omite outros en senso contrario aos que me remito e non reproduzo, o que non consta en modo algún é un informe técnico municipal que claramente indique o incumprimento do Convenio de data 2001, son meras conversas efectuadas na sesión, sendo relevante o acordo adoptado na parte resolutiva, a saber, aprobación do convenio sobre cesión de terreos polo Arcebispado de Santiago para a Construción dun Polideportivo en Brens. A motivación dos actos administrativos non ven determinada por un debate senón por documentación administrativa pública municipal/por informes emitidos por persoal estatutario municipal etc, non constando estes no expediente, tramitado no seu día, como xa se indicará mais adiante, o primeiro informe técnico relativo á viabilidade urbanística do Convenio é de data 10 de setembro de 2020, momento no cal, o Pleno da Corporación obra en consecuencia.

No tocante a afirmacións/acusacións como: *"(...) mala fe, arbitrariedade, a sabiendas de su injusticia, prevaricación administrativa, prevaricación por omisión, elaboración de informes a hoc, actuacións torticeras etc (...)"*, esta informante manifesta que ningún valor engaden ao trámite outorgado, nin ao acto administrativo acordado, son cuestións a dirimir na xurisdición Penal, a que pode acudir o interesado no momento que considere oportuno, e, de ser o caso, será a Xurisdición Penal a que sentencie.

Entre os antecedentes citados, ten relevancia, dada a súa cita varias veces, o informe do arquitecto do Arcebispado, D. Carlos Rosón Gasalla, sendo analizado polo Arquitecto Municipal en profundidade, o cal me remito, dado que se trata de cuestións meramente técnicas, e que conclúe no senso de que procede desestimar os argumentos técnicos nel incluídos. Resta engadir que a Administración Pública, debe seguir a motivación estipulada nos Informes emitidos por Persoal Funcionario precisamente porque gozan de, entre outros principios, da imparcialidade e obxectividade, non tendo competencia o alegante para refutar estes principios, senón como xa dixen, corresponden a outra xurisdición.
Procede desestimar a alegación.

CUARTO.- "SOBRE LA NATURALEZA DEL CONVENIO DE 10 DE JUNIO DE 2002 APROBADO POR EL PLENO DE 30 DE MAYO DE 2002"

Indica a alegación:

"(...) 1º.- No estamos ante acto administrativo más, sino ante un convenio celebrado entre las partes,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



que además, ya ha sido cumplido por una de ellas, el Arzobispado de Santiago e incumplido de forma flagrante y reiterada en el tiempo por la otras, el propio Concello.(...)"

Esta informante remítase ao informe emitido en data 17.09.2020, no cal se indica claramente a natureza do Convenio que se revisa de oficio, que dou por reproducido (Fundamento Xurídico Noveno) e do que é coñecedora a parte interesada.

"(...) 2º.- No es un convenio independiente, sino que es un convenio complementario de convenio anterior del que trae causa, el convenio de fecha 14 de junio de 2001, respecto del cual nada se dice en el presente procedimiento de revisión de oficio, ni se postula su revisión, en lo que constituye por tanto un incongruencia flagrante. Al igual que tampoco de las posteriores adendas firmadas y Plenos celebrados para prorrogar su vigencia y evitar así la ejecución del aval por esta parte.(...)"

Como xa se indicou anteriormente, non consta informe técnico municipal que indique ou motive que non se deu cumprimento ao Convenio do 14.06.2001, o informe que consta é do Arquitecto do Arcebispado, o cal xa foi obxecto de análise no Informe Técnico Municipal, entre outros pronunciamentos técnicos, inclúe:

"(...) Da análise conxunta dos antecedentes entendo que a Modificación puntual das NSPM de Cee aprobada definitivamente o 27.12.2001 deu cumprimento ao obxectivo de recualificar terreos do Arzobispado en ordenanza 11 que pasaron a ordenanza 5 – se ben cunha configuración diferente e cunha superficie menor a da que figuraba no plano anexo ao Convenio -, acadándose desta maneira os obxectivos indicados no Convenio do 2001 que eran viables urbanisticamente. Se non se modificou a clasificación do solo da parte da parcela arcebispa en ordenanzas 10 e 6 e non se completou a urbanización da fronte dos soares que quedaron en ordenanza 5, entendo que foi porque non se considerou viable dende o punto de vista urbanístico, como xa se argumentou nos comentarios á primeira alegación.(...)"

En consecuencia, a Administración, dados os informes emitidos, actuou conforme a dereito, dado que a revisión de oficio é do Convenio de 10 de xuño de 2002, xa que como asevera o técnico municipal, a modificación puntual aprobada definitivamente o 27.12.2001 deu cumprimento ao obxectivo de recualificar os terreos e ao Convenio do 2001.

Informar que, conforme a Doutrina e Xurisprudencia, a transcendencia da nulidade dun acto (neste caso o Convenio do 2002) supón a nulidade de todos os actos posteriores que traian causa no acto nulo, isto é, unha vez se declare a nulidade do Convenio, trasladase a mesma aos actos posteriores derivados do convenio.

Procede desestimar a alegación.

QUINTO.- "SOBRE LA FALTA DE PRESUPUESTOS PARA EL INICIO DEL PROCEDIMIENTO DE REVISIÓN DE OFICIO."

A alegación formulada versa sobre que, considera a parte interesada, que non estamos ante o suposto a incluír nos apartados c) e f) do artigo 47 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, isto é, que non se trata o Convenio dun acto de contido imposible e polo que se adquiren facultades ou dereitos cando se carece dos requisitos esenciais para súa adquisición.

En relación a esta alegación, a que subscribe, vese na obriga de reproducir o informe emitido no seu día e os argumentos esgrimidos, nos que me ratifico e considero suficientemente motivados, isto é:

En relación a ESTIPULACIÓN 1ª DO CONVENIO



1ª O Arzobispado segrega e cede gratuitamente ao Concello de Cee unha superficie de terreo de 3.740m² segundo se indica no plano que se xunta para que por parte do dito Concello se destine á construción do Polideportivo cuberto.

A estipulación do Convenio, conforme reflexa o informe técnico, está incurso na causa de nulidade do artigo 47 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que se detallan:

c) Os que teñan un contido imposible.

f) Os actos expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para a súa adquisición.

Como se desprende, a segregación é contraria a lexislación aplicable naquel momento, artigos 172 e 173 da Lei 1/1997 do Solo de Galicia, non sendo posible nin viable legalmente, xa dende a súa orixe, pola necesidade dun planeamento de desenvolvemento previo, e a maiores e como consecuencia, as partes da finca en ordenanza 5 e 6 quedarían inedificables por non ter acceso a viario público e non permitirían unha edificación axustada ao planeamento. Ademais, a parte en ordenanza 10 é menor á parcela mínima para poder edificar e a día de hoxe parte en ordenanza 6 e 10 atópase a unha distancia á rede de saneamento existente superior a 50m, polo que debe clasificarse como solo urbano non consolidado toda vez que as obras de urbanización pendentes non se poden considerar como accesorias ou de pouca entidade, resulta patente, sendo en fin, un acto xurídicamente imposible cando contradí de maneira clara e terminante o ordenamento xurídico e non por calquera causa senón por faltar os presupostos do propio acto. A maior abundamento, tamén estaría encardinado no apartado 47.1.f) dado que o que pretende o convenio é que como consecuencia desta cláusula o Arcebispado viría adquirindo facultades e dereitos contrarios o ordenamento xurídico, como a dotación da totalidade dos solares con todos os servizos urbanísticos necesarios a costa do Concello, como mais adiante se estudiará con mais profundidade.

En relación a ESTIPULACIÓN 2ª e 3ª:

2ª O Concello de Cee comprométese a redactar, tramitar e aprobar de novo unha modificación puntual do seu Documento de Planeamento Municipal co fin de dar exacta resposta ao contido do Convenio de colaboración (parte escrita e documentación Gráfica) suscrito o 14.06.2001.

3º O Concello de Cee comprométese a dotar á totalidade dos solares que quedan en poder do Arzobispado de Santiago de Compostela de todos os servizos urbanísticos necesarios hasta completar os que teñen na actualidade, co fin de que estos soares dispoñan dos servizos de auga, saneamento, alumeadado público, enerxía eléctrica, telefonía e dotación de beirarrúas e bordos.

As estipulacións do Convenio, conforme reflicte o informe técnico, están incursas nas causas de nulidade do artigo 47 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que se detallan:

c) Os que teñan un contido imposible.

f) Os actos expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para a súa adquisición.

A motivación para tal encadre ven dada porque conforme o clausulado obxecto de estudo, xa no seu momento de aprobación e sinatura (2002) obriga ao Concello de Cee, urbanizar a fronte dos soares propostos co fin de convertilos en soares edificables non acorde e de imposible execución dado o

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



réxime urbanístico aplicable, esa carga atribuída no convenio ao Concello de Cee, é unha obra dos propietarios do solo, de aí a incursión nos apartados indicados, dado que o seu contido é imposible dende todas as perspectivas que analiza a xurisprudencia e porque neste caso o Arcebispado adquiriría facultades e dereitos en contra do réxime urbanístico, dado que a obtención de terreos dotacionais para o Concello logo dun reparto equitativo, no seu caso, de beneficios e cargas entre os propietarios, debe ser gratuito e non ser costeado por esta Administración como pretende o Convenio.

Dito argumento sería aplicable a data de hoxe, conforme a Lei do Solo de Galicia, que establece como deber dos propietarios do solo urbano consolidado, completar pola súa conta a urbanización necesaria para que os terreos alcancen, se aínda non a teñen, a condición de soar, nos supostos de edificar ou rehabilitar integralmente. Para tal efecto, afrontarán os custos de urbanización precisos para completar os servizos urbanos e executar as obras necesarias para conectar coas redes de servizos e viaria en funcionamento, e todo sen prexuízo de que como indica o técnico municipal o feito de cargar ao Concello con obrigas de urbanización que non lle corresponden legalmente podería supor o establecemento de obrigas ou prestacións adicionais máis gravosas das que legalmente procedan en prexuízo das persoas afectadas.

Plano anexo a Convenio.

Á vista do exposto, a ordenación proposta no PLANO ANEXO O CONVENIO, está incurso nas causas de nulidade do artigo 47 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que se detallan:

c) Os que teñan un contido imposible.

O Consello Consultivo de Galicia é competente para coñecer do expediente de razón por encadrarse nas competencias delimitadas nos artigos 12.f) da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia e 17.a) do Decreto 91/2015, do 18 de xuño, polo que se aproba o seu Regulamento de organización e funcionamento deste órgano consultivo, preceptos ambos os dous que establecen a preceptividade do ditame deste órgano nos supostos de revisión de oficio dos actos administrativos, en canto garantía de preservación da seguridade xurídica e de suxeición a dereito da actuación administrativa.

Segunda.

No trámite de audiencia a representación do Arcebispado de Santiago de Compostela invocou a concorrencia dos límites previstos no artigo 110 da LPAC, por entender que a revisión contrariaría a interdición que deriva do tempo transcorrido, que serían mais de 18 anos, conectado coa vulneración da equidade e a boa fe, alegando que a incoación do expediente é unha reacción

do concello fronte ao ultimatum establecido polo Arcebispado ante a falta de execución das previsións urbanísticas do convenio, resaltando a boa fe coa que actuou aquel, confiando na lexitimidade da situación que se renovaba ano a ano sen oposición por parte dos técnicos municipais, aducindo que o único que pretende o concello é evitar a execución do aval, sen ocuparse da legalidade urbanística.



Ao respecto de tal alegación hai que considerar que o Tribunal Supremo na súa sentenza 1026/2019, do 10 de xullo, establece como doutrina casacional que:

“si concurre una causa de nulidad del artículo 62.1 de la Ley 30/1992 y de oficio no se aprecia la concurrencia de alguna de las circunstancias del artículo 106 de la Ley 30/1992 capaces de enervar o limitar el ejercicio de la potestad de revisión de oficio, procede declarar la nulidad del acto con las consecuencias que le sean propias, sin que proceda apreciar esas circunstancias sólo para que actúen sobre esas consecuencias”.

A citada xurisprudencia supón que a entrada no expediente da cuestión da concorrencia dos límites do artigo 110 da LPAC, converte este extremo no obxecto preferente da tramitación e presuposto para a eventual prosecución da instrución do expediente respecto da causa de nulidade radical, pois como non é viable a declaración de nulidade de pleno dereito e a paralela apreciación dos referidos límites para excluír ou atemperar os efectos da dita nulidade, resulta preciso en primeiro lugar determinar se concorren os presupostos legais de tal exclusión da potestade de revisión, e se é así, realizar a oportuna declaración no sentido da improcedencia do exercicio da dita potestade en aplicación de tales límites, sen realizar pronunciamento xurídico sobre a nulidade ou validez do acto cuestionado.

Terceira.

Entrando xa na cuestión suscitada pola parte interesada en alegacións hai que considerar que en efecto, como o Tribunal Supremo considera en sentenza do 26.6.2018, o artigo 106 da anterior Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (actual 110 da LPAC) establece a posibilidade de que a ausencia de prazo para o exercicio da revisión de oficio se modere pola concorrencia de circunstancias excepcionais, limitándose a posibilidade de expulsar do ordenamento xurídico un acto que pode incorrer nun vicio de especial gravidade ponderando as circunstancias de toda orde concurrentes e os bens xurídicos en xogo.

Entende o tribunal na súa sentenza que a previsión legal de referencia confire *“un cierto margen de apreciación sobre la conveniencia de eliminación del acto cuando por el excesivo plazo transcurrido y la confianza creada en el tráfico jurídico y/o en terceros se considera que la eliminación del acto y de sus efectos es contraria a la buena fe o la equidad, entre otros factores”.*

Mais en todo caso, e como este Consello Consultivo xa considerou no ditame CCG 111/2020, o mero transcurso dun determinado prazo de tempo, aínda longo, non ten significado en si mesmo para determinar a improcedencia de realizar unha declaración de nulidade radical dun acto afectado por tal vicio, pois a revisión de oficio non está legalmente suxeita a un prazo de prescrición nin de caducidade.

Se fose vontade do lexislador a de establecer un límite temporal polo transcurso dun longo período de tempo, bastaría con establecelo legalmente, ao modo en que se fixan, por exemplo, determinados prazos mesmo de notable duración para a prescrición de accións ou para a usucapión.

O deseño legal dos límites do artigo 110 da LPAC (tradicional no noso dereito administrativo) non segue a opción da fixación aritmética dun determinado prazo, e nin sequera a dunha regulación típica de supostos determinados e taxados, reconducindo en troques a delimitación de tales límites a parámetros amplos que se proxectan ademais sobre principios que igualmente posúen notable marxe de apreciación.

Pode afirmarse, así, que a cuestión do tempo como límite para o exercicio da potestade de revisión, debe ser pesada, mais que contada ou medida, en canto a súa virtualidade vai anoadada a aspectos cualitativos mais que cuantitativos.

E tales condicionamentos se obteñen non so da ausencia dun prazo de tempo determinado que delimite a improcedencia do exercicio da potestade revisora, senón tamén, e con non menos potencial hermenéutico, da circunstancia de que o transcurso do tempo en si mesmo carece de significado a efectos de aquela limitación, pois a súa apreciación debe realizarse en proxección sobre determinados principios que deben resultar afectados polo lapso temporal: a equidade, a boa fe, o dereito dos



particulares ou as leis. É no xogo da proxección do transcurso do tempo sobre os ditos principios onde aparece o “*certo marxe de apreciación*” ao que alude o Tribunal Supremo na sentenza xa referida.

Cuarta.

Por outra parte, a xustificación da concorrencia dunha transcendental afectación de tales principios polo transcurso do tempo como circunstancia excepcional que impide a verificación dunha eventual nulidade de pleno dereito, corresponde a quen a alega, por mandato legal do artigo 217.3 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil (en diante, LAC), que grava á parte interesada coa carga de probar os feitos que, conforme ao artigo 110 da LPAC impidan, extingan ou enerven a eficacia xurídica dos feitos dos que se derivaría a eventual nulidade de pleno dereito do acto de aprobación do convenio urbanístico de referencia, e do convenio mesmo.

Certamente, en aplicación do principio de oficialidade, nada impediría que a Administración apreciase de oficio a concorrencia dos ditos límites e motivase a

súa resolución en tal sentido e de conformidade cos criterios expostos na consideración anterior. Está habilitada para tal proceder pola previsión do artigo

75.1 da LPAC segundo o cal, os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos en virtude dos que deba pronunciarse a resolución, realizaranse de oficio polo órgano que tramite o procedemento, sen prexuízo do dereito dos interesados a propoñer aquelas actuacións que requiran a súa intervención.

A facultade de apreciación dos límites pola propia Administración deriva igualmente da propia natureza do procedemento para a depuración dos actos nulos de pleno dereito, por ser un expediente no que se produce a revisión de oficio.

Mais non foi este o caso, por canto a Administración non acolle a tese aducida pola interesada, e que agora se analiza, resultando que non foi achegada motivación e xustificación suficiente que permita apreciar que o tempo transcorrido dende a aprobación do acto provoca unha afectación transcendente sobre os principios de equidade e boa fe, alegados pola interesada que permita a aplicación excepcional dos límites do artigo 110 da LPAC que impiden a depuración dun eventual vicio tan transcendente como a nulidade radical dun acto administrativo, apreciación non suxeita a prazo, como vai dito.

Sobre a esixibilidade de que os presupostos da excepcional aplicación dos límites do artigo 110 da LPAC consten debida e cumpridamente acreditados debe considerarse igualmente o establecido polo Tribunal Supremo na xa citada STS 1026/2019, do 10 de xullo, na que o tribunal de casación establece que “*la aplicación de este precepto exige al tribunal argumentar las razones excepcionales relacionadas con la equidad, buena fe o derechos de los particulares que se verían afectados por la nulidad del acto*”.

Quinta.

Así, polo que respecta á equidade, entendida como a xustiza e proporción do caso concreto que mesmo permite a exclusión da norma xeral, é sabido que so é aplicable como razón exclusiva da solución xurídica nos supostos nos que a lei o habilita expresamente, se ben a ponderación da dita proporción debe ser observada sempre na aplicación das leis (artigo 3.2 do Código Civil).

Un dos supostos nos que a lei prevé expresamente a consideración da equidade é precisamente o artigo 110 da LPAC, obxecto de análise nestas consideracións.

Atendendo ás circunstancias do caso entendemos que o tempo transcorrido dende a aprobación e posterior sinatura do convenio, no ano 2002, non produce unha afectación transcendente da equidade que exclúa a verificación da posible nulidade dos ditos actos administrativos.

A tal efecto procede reparar no alcance da renovación anual do aval, que non propiamente do convenio, que se realizaba coa reiterada obxección formulada dende a intervención municipal no atinxente á improcedencia da constitución do aval e a ausencia de informes técnicos municipais previos á aprobación do convenio urbanístico, realidade esta que de xeito sostido e tenaz alertou en todo momento da existencia de graves vicios de axuste á legalidade, cuxa ignorancia non pode ser razoadamente invocada pola interesada no expediente, atendidas as aludidas circunstancias de



reiteración dos informes o que impide apreciar que resultaría equitativo dado o tempo transcorrido, realizar un pronunciamento favorable á validez do convenio urbanístico sen entrar a analizar a existencia dos vicios radicais que se invocan pola Administración.

E é que a ese posicionamento tenaz da intervención municipal alertando da existencia de vicios de legalidade debe serlle recoñecida a proxección dunha eficacia cautelar sobre a consolidación da validez xurídica do convenio, que non será inmune á depuración dos vicios mais radicais, os determinantes de nulidade de pleno dereito, polo simple transcurso do tempo empregado pola Administración para afrontar a cuestión da legalidade de aquel acordo.

Por outra parte, e proxectándose os efectos do convenio sobre o ámbito urbanístico, de sensible protección na esfera municipal, hai que considerar, como xa se fixo no citado ditame CCG 111/2020 que a consolidación de feitos consumados polo simple transcurso do tempo socava os intereses públicos que a legalidade urbanística protexe, dificultando notablemente, cando non impedindo, o cumprimento da súa finalidade.

Sexta.

E se a parte interesada non pode invocar a afectación da equidade polo paso do tempo, o mesmo sucede coa proxección deste sobre o principio da boa fe. Dificilmente pode argumentarse que se descoñece a existencia de vicios de legalidade do acto ante a contundente posición da intervención municipal, como vai exposto, pero ademais, no curso do tempo se foi consolidando un posicionamento pasivo por ambas partes do convenio, que se limitaron a renovar a garantía establecida –frente ao sinalado criterio da intervención municipal– pero sen abordar unha posición activa de desenvolvemento das previsións urbanísticas do convenio ou a procura de eventuais fórmulas alternativas que puidesen sortear os obstáculos legais existentes, non sendo ata datas recentes cando a parte interesada parece poñer termo a tal situación de aquedamento fixando un ultimatum ao concello. Esa pendencia dunha situación de inexecución do convenio nun contexto de informes municipais que cuestionan a súa legalidade impediron razoablemente que a parte interesada puidese adquirir unha situación de confianza merecedora de tutela, sendo así que os intereses xerais aos que serve a actividade administrativa deben ser antepostos ás situacións individuais carentes de asento e consumación xurídicos.

En tal sentido, a vixencia do convenio ao longo do tempo non deu lugar a actuacións de execución en favor da parte interesada que desen lugar a unha realidade xurídica autónoma á propiamente xerada polo convenio en cuestión, e non se aprecia polo tanto que exista unha situación xurídica cuxa tutela deba antepoñerse ao exercicio da potestade revisora, excluindo a posibilidade de que esta se leve a efecto.

Polas razóns expostas enténdese que non é axustado a dereito excluír a potestade de exercicio da revisión do acordo de aprobación do convenio de referencia en aplicación duns límites cuxa proxección non é apreciable no presente caso, sendo procedente, pois, verificar a legalidade do acto cuestionado para determinar se está afectado por un vicio de nulidade radical.

Sétima.

Avanzando no exame da cuestión sometida a exame, e en canto concirne ao procedemento seguido na instrución do expediente de revisión de oficio, compre subliñar que o exercicio da potestade revisora require unha adecuada e inescusable formalización, así como o escrupuloso acomodo a un procedemento do que os preceptos legais dan esencial razón en canto aos seus trámites fundamentais, o que garda directa relación coa configuración do procedemento administrativo como instrumento de garantía da legalidade e dos dereitos da cidadanía.

Tales esixencias formais foron, en esencia, observadas no expediente remitido, constando o acordo de iniciación debidamente notificado e motivado, con indicación da causa de nulidade e os motivos que determinan a concorrencia do tipo legal; o sometemento a preceptiva audiencia da parte interesada, que garantiu a preservación do principio de contradición (artigo 75.4 da LPAC), e a



formulación final da correspondente proposta de resolución, que propugna a concorrencia dos vicios de nulidade que determinaron o acordo de inicio, polo que se traslada a este Consello Consultivo, como consulta preceptiva e habilitante, a vontade de declarar a concorrencia dun vicio de nulidade radical e

de revisar de oficio o acto de referencia. Hai que notar que con posterioridade á practica do trámite de audiencia, foi emitido un informe por parte do arquitecto municipal, con data 16.11.2020, se ben, por non introducir feitos novos que sirvan de base á proposta de resolución, resulta prescindible a práctica dun novo trámite de audiencia vinculado á emisión do dito informe, como así resulta por aplicación analóxica do previsto no artigo 82.4 da LPAC.

Oitava.

No atinxente aos aspectos de fondo hai que indicar que é cita comúnmente admitida a de que a revisión de oficio dos actos administrativos constitúe unha fórmula privilexiada e excepcional, en canto actividade que ten por fin privar de toda eficacia, mediante a súa anulación por unilateral pronunciamento do órgano administrativo competente, a algunha das súas decisións anteriores, viciadas de nulidade, posteriormente apreciada e sen acudir ao proceso contencioso-administrativo; decisións que, en canto actos administrativos e por expresa previsión legal, gozan de presunción de certeza e axuste á legalidade.

Conflúen así na revisión de oficio valores contrapostos provenientes, por unha banda, do principio de seguridade xurídica, e, por outra, do principio de legalidade. Mais non todas as infraccións susceptibles de provocar a anulación dun acto administrativo, mediante o exercicio das vías ordinarias de impugnación, poden ser esgrimidas nesta vía excepcional da revisión de oficio. Antes ben, esta só procederá nos supostos nos que o acto se atope viciado por algunha das causas de nulidade previstas no artigo 47.1 da LPAC, considerando ademais que aquelas causas deben ser apreciadas con cautela e prudencia, sen que poidan ser obxecto de interpretación extensiva.

Novena.

Partindo pois dos presupostos expostos nas consideracións anteriores, procede determinar se concorren no presente caso os vicios de nulidade de pleno dereito aducidos.

Verificaremos, en primeiro lugar, se como sostén a entidade local, por medio do convenio aprobado polo pleno municipal se adquiriron dereitos con infracción do ordenamento xurídico e carecendo dos requisitos esenciais para a súa adquisición.

Verificando a concorrencia dos requisitos legalmente esixidos para a apreciación da causa de nulidade analizada (art. 47.1.f) da LPAC), temos que o primeiro deles é que nos atopemos ante actos que vulneren o ordenamento xurídico.

Neste punto temos que considerar que, como se indicaba nos reiterados informes da intervención municipal emitidos co gallo da renovación anual do aval, e como igualmente se indica nos informes da secretaria e arquitecto municipais obrantes no expediente (17.9.2020 e 15.9.2020, respectivamente) o acordo plenario de aprobación do convenio de referencia, non foi precedido de informe nin tramitación oportuna, que se esgotou na referida aprobación dunha proposta de convenio redactado por arquitecto e achegado polo Arcebispado de Santiago de Compostela.

Produciuse de tal xeito unha creba do elemental principio que esixe unha tramitación previa aos acordos municipais e a intervención dos técnicos competentes, recollido en normas como o artigo 172 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

Esta falta de tramitación previa ao acordo municipal é implicitamente aceptada nas alegacións da parte interesada, que para ilustrar sobre o incumprimento municipal do convenio urbanístico anterior, o asinado no ano 2001, fai cita do contido do acordo plenario de 30.5.2002, no que se recolle un posicionamento establecido no propio acordo do órgano político-administrativo, pero sen asento ningún en valoracións técnicas municipais, de todo punto ausentes ante a total ausencia de tramitación previa ao dito acordo, e que pola referida natureza de órgano que culmina a organización administrativa e política, con competencia de aprobación pero non de habilitación técnica, os

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



pronunciamentos establecidos en tal acordo sen asento en previos informes municipais non poden ter a consideración de valoracións técnicas integrantes da canle formal que garante a legalidade e oportunidade das actuacións administrativas.

E tal falta de tramitación non pode ser suplida tampouco polas alegadas actuacións administrativas vinculadas ao convenio de 2001, por canto, aínda con asento innegable no convenio de 2001, o acordo de 2002 constitúe unha situación xurídica autónoma, con prescricións específicas que esixían, en todo caso, unha tramitación e valoración polos servizos técnicos que foi completamente omitida.

E ao respecto de tales vicios formais hai que considerar que este Consello Consultivo xa ten apreciado que a ausencia de tramitación municipal previa á aprobación dun convenio urbanístico constitúe un vicio de nulidade radical. Así,

no ditame CCG 463/2015, en relación cun suposto no que con carácter previo á aprobación do convenio non se emitiran os preceptivos informes técnicos nin

xurídicos, se considerou que *"ningunha dúbida cabe albergar verbo da procedencia da declaración de nulidade interesada"*, entendéndose en aquel suposto que concurría a causa prevista na letra e) dos supostos de nulidade, que sanciona de tal xeito os actos que foran ditados prescindindo total e absolutamente do procedemento establecido.

Décima.

Con todo, esa omisión na incoación do procedemento non impide verificar se apreciada a clara conculcación do procedemento nos termos expostos, prodúcese ademais o efecto de que se teñan adquirido dereitos carecendo dos requisitos esenciais para a súa adquisición, sendo apreciable, entón, o motivo de nulidade previsto na letra f) do referido artigo 47.1 da LPAC, si invocado no acordo de inicio do expediente de revisión de oficio e na posterior proposta de resolución.

A este respecto hai que indicar que se debateu polo miúdo no expediente sobre o axuste á legalidade das previsións urbanísticas contidas no convenio. Pero mais alá da cuestión do limitado alcance dos convenios de planeamento – que en efecto, non vinculan ao planificador que conserva a súa discrecionalidade (entre outras STS 462/2019, do 4 de abril) – e con independencia dos compromisos de execución asumidos no convenio (obras de urbanización), existe unha circunstancia que claramente constitúe unha adquisición de dereitos real e efectiva por parte da interesada, cal é a percepción da cantidade asegurada polo aval renovado ano a ano, por un importe de 153.402,33 €, que aboou, segundo consta no expediente, unha entidade mercantil por conta da entidade local.

Tal importe percibido pola interesada, non se corresponde coa valoración da finca percibida polo Concello en execución do convenio urbanístico, senón que deriva da garantía do cumprimento de todos os compromisos asumidos pola entidade local no dito instrumento.

Por tal razón, como consecuencia dun acto no que se prescindiu absolutamente do procedemento establecido, e con preterición absoluta das garantías de legalidade e oportunidade que achega a preceptiva tramitación administrativa, a interesada adquiriu o dereito á execución dunhas determinacións de planeamento e de execución, ou en todo caso, a unha indemnización substitutiva carecendo dos requisitos esenciais para tal adquisición, por faltar os presupostos elementais de custodia de aquelas garantías de legalidade e oportunidade, elementos definitorios da causa e o obxecto dos actos administrativos, atendido o sometemento da actuación das Administracións públicas á lei e o dereito, e considerado o deseño legal das potestades administrativas, ou principio de legalidade da actuación da Administración (artigo 103.1 da Constitución española).

En tales circunstancias, descoñecendo a legalidade dos compromisos asumidos pola Administración ao aprobar o convenio urbanístico, ante a ausencia de tramitación, os dereitos adquiridos a resultas de tal acto viciado, carecen de tutela xurídica e están afectados por tal vicio radical que determina a nulidade de pleno dereito do acto e correlativamente dos dereitos por el recoñecidos, sendo apreciable, polo tanto, a nulidade do acordo plenario de aprobación do convenio urbanístico de referencia, e correlativamente a do convenio asinado entre as partes e os dereitos a elas recoñecidos. E a concorrencia palmaria deste vicio de nulidade radical determina a innecesariedade de análise do



outro dos motivos de nulidade invocados, a existencia dun acto de contido imposible, cuxo exame non é preciso para a declaración de nulidade prevista na proposta.

Undécima.

No tocante aos efectos da dita nulidade hai que apreciar que en ocasións, como sucede no presente caso, o acto inválido xera unha aparencia de legalidade que pode orixinar a realización de actuacións xurídicas de execución, como foi o caso da adquisición por parte do Concello da finca na que posteriormente se construíría a instalación deportiva, e que configuraba o compromiso en favor da entidade municipal.

No caso de situacións consolidadas e nas que a aplicación maximalista das consecuencias da invalidez absoluta pode dar lugar a situacións antieconómicas ou ilóxicas xuridicamente, é apreciable un límite ao principio xeral de recíproca restitución das prestacións vinculado a tal declaración de nulidade que no caso que nos ocupa non deberá obviar o Concello.

CONCLUSIÓN

Por todo o anteriormente exposto, a Sección de Ditames do Consello Consultivo de Galicia, por unanimidade dos seus membros, ditamina:

“Que, con carácter habilitante, se informa favorablemente a proposta de resolución á que o presente expediente se refire””.

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, e de conformidade co expediente tramitado e o Ditame do CCG, **PROPOÑO ao PLENO DA CORPORACIÓN** a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Levantar a suspensión decretada no Pleno da Corporación de data 27 de novembro de 2020 ao remitir o Ditame do CCG en data 14 de xaneiro de 2021.

SEGUNDO. Desestimar na súa integridade as alegacións presentadas por D. José Antonio Montero Vilar en representación do Arcebispado presentado o 21.10.2020 (RE 202090000001244, 202090000001245, 202090000001246, 202090000001247, 202090000001248, 202090000001249, 202090000001250 e 202090000001251) polos motivos expresados no Informe Técnico Municipal de data 9 de novembro de 2020 e o Informe emitido pola Secretaria Municipal en data 16 de novembro de 2020, transcritos na parte Expositiva da presente Proposta.

TERCEIRO.- Declarar a nulidade do Convenio urbanístico aprobado polo Pleno da Corporación en sesión do 30 de maio de 2002 e asinado o 10 de xuño de 2002 entre o Arcebispado de Santiago de Compostela e o Alcalde do Concello de Cee en representación do mesmo, **con todos os efectos dimanantes da mesma**, por considerar que se atopa incurso nas seguintes causas de nulidade do artigo 47.1.c) e f) da Lei 39/2015 do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que se detallan:

c) Os que teñan un contido imposible.

f) Os actos expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para a súa adquisición.

De conformidade cos informes transcritos na Parte Expositiva e os emitidos no seu día co gallo da incoación do procedemento, dos que se deu traslado aos interesados na notificación do referido acordo.

CUARTO.- Indemnizar ao Arcebispado en concepto de liquidación do Convenio na cantidade de 27.601,74 euros, conforme ao informe técnico municipal de data 10 de setembro de 2020 e ratificado o 9 de novembro de 2020.



QUINTO.- Requerir ao Arcebispado de Santiago de Compostela para que, no prazo de 15 días hábiles, a contar dende o seguinte á notificación do presente acordo, proceda a devolución/reintegro da contía de 153.402,33 € (consecuencia da execución do aval bancario) dado que o Arcebispado adquiriu o dereito á execución dunhas determinacións de planeamento de execución, ou en todo caso, a unha indemnización substitutiva carecendo dos requisitos esenciais para tal adquisición, por faltar os presupostos elementais de custodia de aquelas garantías de legalidade e oportunidade, elementos definatorios da causa e o obxecto dos actos administrativos, os dereitos adquiridos a resultados do acto viciado, carecen de tutela xurídica e están afectados por tal vicio radical que determina a nulidade de pleno dereito do acto e correlativamente dos dereitos por el recoñecidos.

Todo sen prexuízo das reclamacións/accións que esta Administración estime oportuno e que poidan derivarse, consecuencia do presente acordo.

Dita devolución/reintegro deberá facerse efectivo no Nº de conta que o Concello dispón na entidade bancaria ABANCA, que se indica: ES 46-2080-0022-08-311000014.

SEXTO.- Facultar/habilitar a Sra alcaldesa do Concello de Cee, para todos os trámites e actos que sexan necesarios para a execución do presente acordo e en consecuencia, liquidación do convenio que se declara nulo.

SÉPTIMO.-Notificar aos interesados do procedemento, coa indicación expresa de que pon fin á vía administrativa (agás o apartado Quinto da parte Resolutiva), e como tal pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante o Pleno deste Concello, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si optácese por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Contra o apartado Quinto, trátase dun acto de trámite, contra o cal non pode interpor recurso algún, todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vd. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Asinado dixitalmente ao marxe.
Alcaldesa do Concello de Cee.
Margarita Lamela Louzán.”

Sométese á votación a Proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 5 votos a favor dos grupos municipais PSOE, PP e GM e 3 abstencións dos grupos municipais Independentes por Cee e BNG.”

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.

-----INTERVENCIÓNS-----

Intervén a Sra alcaldesa: o CCG ditaminou favorablemente por unanimidade dos membros a proposta de resolución de levantar a suspensión do procedemento, desestimar na súa integridade as alegacións presentadas polo Arcebispado, declara a nulidade do convenio urbanístico aprobado polo pleno no ano 2002, indemnizar en concepto de liquidación pola cantidade indicada polo informe técnico e requirir a devolución do aval.

Sr Dominguez García: o outro día preguntaba o concelleiro do BNG Cesar Pérez que o ditame do CCG era vinculante, iso pon fin, xa é firme e xa o episcopado ten que devolver os cartos do aval?



Sra alcaldesa: o informe do CCG é vinculante para declarar a nulidade do convenio, si considerase que non fose nulo non poderíamos declarar a nulidade, unha vez aprobada a nulidade do convenio vai co requirimento ao Arcebispado pero pode interpoñer recurso contra o acordo do pleno pero está obrigado o pago.

Sr Dominguez Garcia: osea esto non é firme o ditame do CCG o poden recorrer via xudicial?

Sra alcaldesa: claro, pode recorrer pero o informe do CCG é vinculante para nos resolver a nulidade do convenio é a base da nulidade, e os informes xurídicos e técnicos do concello.

Sr Domínguez García: quixera aproveitar xa que Vde non o fixo felicitar a Secretaria, e técnico municipal que foi o que dou lugar a que houbera este ditame do CCG.

Sra alcaldesa: un bo traballo do técnico e secretaría moi bo traballo e por parte de intervención tamén, como di o ditame, que menciona o informe de intervención.

Sr Domínguez García: pois que me perdoe a Sra Interventora por non mencionala seguro que me perdoa.

Sr Domínguez Louro: no Pleno do 9 de maio do 2002 na sesión ordinaria nº 9 daquel ano e sendo alcalde D. Antonio Domínguez García e portavoces doutros grupos Sr Vigo, Sr Lamela Lestón e o Sr Castro Ézara, someteuse á votación a cesión dos terreos para construción do polideportivo de Brens, logo daquel longo debate someteuse a votación co seguinte resultado: 12 votos a favor de todos os concelleiros agás o 13 o de Fernando Castro Ézara que votou en contra, non foi porque non quixera o polideportivo para Brens simplemente porque non estaba de acordo co convenio que se ía a firmar, e falaba naquel momento da expropiación do terreo, tamén xa falaba naquel momento como falamos nos no primeiro pleno que Vde trouxo esto, dixemos que a igrexa ten rexistrado dende o ano 78 numerosas propiedades que antes non eran dela, nos tamén propuxemos que mirara si esa era ou non era, é dicir xa o Sr Castro Ézara falara no 2002, naquela acta continúa dicindo que a sinatura do convenio é un brindis o sol, o convenio significaría recalificar o terreo ou 25.000.000 millóns de pesetas daquela, os 153.000 euros que falamos hoxe, e remata o concelleiro dicindo que deixa sobre a mesa a proposta de expropiación e que non asume as consecuencias que pode traer para o concello. A expropiación, é o que se pretende facer agora, basicamente, podémolo chamar doutra maneira pero non deixa de ser o mesmo, me chama atención que o PSOE tardou 18 anos en darse conta que o Sr Castro Ézara tiña razón e votou en numerosas ocasións positivamente a renovación anual do convenio, incluso Vde ten votado tamén na anterior lexislatura a favor da renovación o BNG abstívose sempre e antes tamén se viñan abstando os ex-compañeiros, pretendo demostrar que son infundadas as súas acusacións na comisión cando lle dicía o Sr Pérez que non se alegraba do ditame do CCG, nos así o esperábase, claro que se alegra e mais cando todo remate e cando o desenlace sexa positivo, polo de agora queremos ser cautos e non lanzar as campás o voo, digo isto porque nos da impresión de que a igrexa non vai quedar quieta despois deste acordo de hoxe, porque nos vamos a seguir coa abstención para non entorpecer o proceso o que queremos é recuperar ese diñeiro ogallá sexa así, sexa positivo o desenlace e si temos que pagar nos o champan para celebralo o pagaremos, alegrarémonos como calquera dos que estamos aquí presentes, digo o mellor non acaba aquí porque procesos en conflito entre concellos e igrexa hai a montóns, en Vigo e Ourense houbo por cantidades menores, incluso menos da metade. Na prensa dicía Vde que expresaba a súa satisfacción polo ditame que avala a tese dos técnicos e o bo traballo da alcaldesa ao primar os intereses da veciñanza fronte os intereses partidistas dalgúns membros da corporación, esta declaración textual, é precisamente o contrario do que di, é facela con intereses partidistas, así de simple, a noticia sigue, lembra Vde que ante a súa defensa da legalidade Antonio Domínguez e Serxio Domínguez falaba de chantaxe da rexedora, iso falta a verdade, o BNG falaba de chantaxe política porque meteu un ano dende a aprobación da última renovación ata que no lo trouxo outra vez que Vde pediu eses informes que agora alaba e nese tempo non falou con ninguén da oposición nin convocou unha comisión e cinco días antes do pleno tróuxonos todo cociñado para que lle dixéramos si, iso é a chantaxe non o resto, a chantaxe é nese ano non no resto, non é como Vde di, ademais o segundo punto é que lembra na defensa da legalidade, ninguén da oposición defendeu a ilegalidade, Vde

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



defende e os demais tamén pero falábamos de negociación e a oposición incluso convocou un pleno extraordinario no que aprobamos unha moción onde se pedía o arcebispado que desistise das súas intencións co cal a oposición non é sospeitosa de entorpecer o proceso e que a igrexa quedara cos 153000 euros falábamos de negociación porque é mellor un mal acordo que un bo preito e para rematar di a nova tamén que sen solicitar ningún informe técnico o alcalde daquela momento accedeu a pretensión do arcebispado co convenio do 2002 e cun aval, volve onde empecei, a sinatura do convenio era do alcalde pero apoiado por 12 concelleiros, aquí ninguén está libre de pecado e non fagamos declaracións que en nada axudan a resolver esta historia, non lle poña na boca dos concelleiros do BNG que nos alegramos ou non, estamos e seguimos preocupados porque hai 153.000 euros no aire a chantaxe repito non tiña nada que ver con iso, foi o seu proceder non o fin.

Sra alcaldesa: noticia Voz de Galicia 6.10.2020, BNG e Ciudadanos se abstén por desconfianza, todos acabaron estando de acordo o 29, Antonio Domínguez e Serxio Domínguez declararon que habían votado case pola forza aceptando a chantaxe da rexedora.

Sr Domínguez Louro: do pouco tempo que tivemos.

Sra alcaldesa: mire, non estivo o lado do goberno, na defensa da posición para tratar de resolver este punto, vamos retomar, ano 2002, o PSOE o seu voceiro Sr Lamela, certo que votou a favor, en contra o Bng que cambio bastante do Sr Ezara a agora e nesta lexislatura concretamente, nesa acta consta claramente o que manifesta o Sr Lamela, manifesta tres cousas claves e importantes, a primeira, o Convenio do 2001 se cumpriu, segunda, a picaresca da igrexa e a terceira a aberración do aval bancario. Pasaron 18 anos, cando o Sr Domínguez asina ese segundo convenio e conforme consta no informe no CCG, xa non é que o diga eu, nin a secretaria, nin a interventora, nin técnico, non había solicitados os informes preceptivos técnicos e xurídicos, conforme consta no ditame do CCG o convenio do 2002 foi redactado polo Arcebispado, inda hai que engadir un dato mais, mais grave, ano seguinte, 2003, o Sr Domínguez solicita a prórroga do convenio pero para mais inri di que como se está valorando o proxecto de modificación o está redactando o técnico Sr Rosón, é dicir, a modificación puntual das NNSS o Sr Domínguez a encarga o arcebispado o técnico Sr Rosón, deixo ese dato aí que é moi importante, e inda porriba 153.000 euros de aval.

Sr Domínguez Louro: mire eu lin a acta e por iso lle falo dela e lin tamén o desenlace que é o que lle falei que 12 concelleiros votaron a favor e un en contra Ézara, e eu cando estaba so neste pleno representando o BNG abstívenme por non desfacer o que estaba feito, e Vde votou a favor tamén, non se trata agora de ir mais atrás, se trata de contar o que pasou, e isto viña o que eu lle dixen o principio, Vde faga o que crea convinte, agora non vulgue o BNG, que non nos alegramos ou as apreciacións que deixa caer na nota de prensa.

Sra alcaldesa: as que considere pertinente o igual que Vde fai as súas, Vde pode facer as apreciacións que considere e os demais non? Vde non respecta as dos demais?

Sra Domínguez Louro: si pero Vde dicir que respectando a legalidade os demais tamén.

Sra alcaldesa: si, despois de haber solicitado los informes preceptivos era lo que tenía que hacer y el BNG en la primera sesión plenaria luego de una comisión que no intervino que no le gusta que se lo diga que es donde se debate.

Sr Domínguez Louro: temos que debatir na comisión ou non Vde en moitas non interveu e eu xamais llo puxen en cara porque é a cousa mais normal que un grupo non interveña, estamos no punto 13 dun pleno onde mais da metade as votacións foron sen intervir porque xa viñan acordadas, non hai porque intervir si non tes porque pero si Vde quixera que eu intervira nosa tiña que convocar neses once meses anteriores, estivo un ano preparando todo sin falar coa oposición iso é o que lle poño encara nada mais, faga as apreciacións que queire que as acepto pero acepte Vde as miñas, non me conte a acta que eu xa a lin, non lle vou privar pero eu xa a lin, o único que quero demostrar é a realidade que o BNG votou en contra iso xa nos habilita o BNG para non ser sospeitosos de nada.

Sra alcaldesa: al de Sr Ezara, no al BNG de ahora, Vde falaba en nome de todos



Sr Domínguez Louro: o BNG do Sr Ezara tamén é o de agora, dígollo eu o Sr Ezara participa nas nosas reunións e aporta o que lle parece oportuno e disto tamén o fixo.

Sra alcaldesa: é a miña opinión que o BNG de agora non é do Sr Ezara nin o do Sr Rivas, porque o final de todo se acaba un enterando e resulta que os votantes do BNG de Cee teñen que saber que o concelleiro do BNG actual reúnense co PP na súa sede para tratar as liñas a seguir no tema do arcebispado.

Sr Domínguez Louro: o BNG de Cee

Sr Domínguez García: esta rapaza está mal.

Sra alcaldesa xa sei que non lle gusta o que lle digo a rumoroloxía de Cee é que se reúnen para tratar o tema do arcebispado, e Vde neste asunto alíneuse co PP non para defender os intereses dos veciños de cee senón para ir contra o goberno

Sr Domínguez Louro: o BNG de Cee, reuniuse co PP na sede do PP como puido facer en calquera sitio para que o portavoz do PP firmara o Pleno extraordinario que convocamos co razón do tema do arcebispado como se reuniu co Sr Vigo e Hermida para que o firmara, e nada mais, cando convocas o pleno extraordinario e tes que chegar a un acordo hai que falar sen problema, pero mire, non se preocupe por nada diso, porque é certo que si que nos reunimos con el pero nin fun ca cara tapada nin de noite, fun a plena luz do día e quen me quixo ver viume porque non teño que esconder tamén me reunir con Vde no seu despacho e non pasou absolutamente nada, fai varios anos.

Sra alcaldesa: no meu despacho non.

Sr Domínguez Louro: o Bng non ten problema en falar con quen sexa, non hai rumoroloxía se quer saber algo pregúnteme a min porque a rumoroloxía é tan extensa porque si lle fago caso.

Sra alcaldesa: tranquilícese.

Sr Domínguez Louro: no me tranquilizo porque está Vde...

Sra alcaldesa: o final o goberno conseguiu que o CCG lle dera razón

Sr Domínguez Louro: non me cambie de tema, co apoio da oposición dar estes pasos pero Vde non me insinue nada, fágame o favor, discutamos politicamente pero non insinuacións e evite rumoroloxía, recordo que inda que fose así non sería pecado porque Vde co PP aprobou 2 presupostos co PP e daquela non era o PP de agora? era o mesmo, pois entón vamos debater. Si quer seguir con esta política siga e faga.

Sra alcaldesa non lle gusta que lle digan a verdade

Sr Domínguez Louro: a verdade xa lla digo eu non me veña con insinuacións, acaba de facerllas o Sr Domínguez García, falando do prego.

Sra alcaldesa: como se alinea co PP

Sr Domínguez Louro: o pleno vense a debatir de política non falar de insinuacións.

Sra alcaldesa: mire, cuando el PP aprobó los presupuestos

Sr Domínguez Louro: era responsable

Sra alcaldesa: me deja por favor, usted me ponía en cara en las sesiones plenarias que acuerdos tenía yo con el Sr Domínguez García para que aprobara los presupuesto en donde, entre algunas partidas se llevaba el repetidor de lires y obras para Cee y me echaba en cara que había acordado con el Sr Domínguez que votó el y el grupo del PP por responsabilidad, no por llegar a ningún acuerdo con el PSOE en este caso con el gobierno, hágaselo ver.

Sr domínguez Louro: fágao ver Vde.

Sra alcaldesa: creo que se equivocó.

Sr Domínguez Louro: pero quen é Vde para dicirme que mo faga ver, eu usei este linguaxe con Vde?

Sra alcaldesa: el que utiliza siempre conmigo Sr Domínguez, le molesta un montón, usted tiene derecho a decir lo que tengo que hacer y decir?

Sr Domínguez Louro: teño dereito o que nunca usei son expresións como as que acaba de usar que llo faga ver.

Sra alcaldesa: le repito hágaselo ver.



Sr Domínguez Louro: teña un mínimo de educación, eu nunca lle dixen a Vde que se fixera ver nada, nunca lle fixen unha apreciación persoal manteña o debate político e deixe o persoal, o que teño que facerme ver xa mo vexo, entende, non se preocupe polas miñas relacións.

